

## CEIP Veleiro Docampo

# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

## 2023-2024

**Esta Programación Xeral Anual (PXA) foi elaborada polo equipo directivo do CEIP Veleiro Docampo, segundo as propostas do claustro e dos diferentes equipos e comisións.**

**O día de 17 outubro de 2023 tivo lugar unha sesión do claustro na que se presentou e se aprobou (nos aspectos docentes) esta PXA.**

**O día 17 de outubro de 2023 tivo lugar unha sesión do consello escolar na que se presentou e avaliou a dita programación.**

**O día 20 de outubro remitiuse ao Servizo Provincial de Inspección.**

**Castro Ribeiras de Lea, 20 de outubro de 2023**

**O director**

**Juan José Díaz Valiño**

Sumario

INTRODUCIÓN 4
CARACTERÍSTICAS DO CENTRO 4
ALUMNADO 6
PERSOAL DOCENTE 6
PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2020-2021 6
OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2020-2021 7
MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN 8
RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO 9
ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE 9
CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA 11
PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS 15
PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO 16
XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO 18
QUENDAS DE VIXILANCIA DOS RECREOS 18
PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO 19
PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE 20
PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA 20
LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO 21
PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES 21
PLAN DE AUTOPROTECCIÓN: MODIFICACIÓNS/OBSERVACIÓN DE QUE SEGUE VIXENTE 23
PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE 23
HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO 24
PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COAS FAMILIAS 25
PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR 25
REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN DO COMEDOR 26
PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO 26
PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA 29
PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO 29
PROGRAMAS OU PLANS ANUAIS DE LECTURA 29
ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO
CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA 39
ACTIVIDADES QUE SE VAN DESENVOLVER PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA
PLAN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN 40
CONCRECIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 45
CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA 51
ACCIÓNS DE MELLORA DERIVADAS DA ANÁLISE DO RESULTADOS DA AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADA DE 3º E 6º DE EP 70
ANEXOS 79

## INTRODUCIÓN

Neste momento de cambios lexislativos, o Regulamento Orgánico dos centros non está publicado, polo que nos rexemos  pola estrutura que nos sinala a normativa anterior e ata agora vixente.

Nete sentido, a Programación Xeral Anual (PXA), está regulada polo establecido no capítulo IV do Regulamento orgánico das escolas de infantil e primaria (Decreto 374/1996 do 17 de outubro).
Por outra banda, a orde de 22 de xullo de 1997 no capítulo I apartado 3 indícanos que a PXA é de obrigado cumprimento para todos os membros da comunidade educativa.

Este documento recolle os fundamentos pedagóxicos e os aspectos organizativos que regularán o funcionamento do CEIP Veleiro Docampo durante o curso escolar 2023-24. A PXA é un documento vinculante para toda a comunidade educativa e serve de marco xeral para a actuación individual e colectiva.

Por unha banda pretendemos que serva de continuidade e ampliación do programado en cursos anteriores, co obxecto de perseverar na consecución dos obxectivos propostos que non se acadaron plenamente, así como na ampliación ou introdución de novos obxectivos. Tamén naqueles que se consideran sinais de identidade do centro.

En definitiva, trátase dun documento que representará o marco e referente de canto queremos desenvolver neste curso para dar coherencia ao proxecto pedagóxico do noso centro. Un proxecto pedagóxico que vai mudando curso a curso porque debe ser dinámico e aberto ás suxestións de toda a comunidade educativa.

Polo tanto, entendemos este documento como un instrumento flexible e aberto, sometido ás revisións necesarias que poidan posibilitar calquera tipo de mellora ou adaptación.

## CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

**Datos do centro**

- Tipo de centro: CEIP
- Titularidade: pública
- Denominación oficial: CEIP Veleiro Docampo
- Enderezo: Avda. Terra Chá, s/n
- Localidade: Castro de Ribeiras de Lea
- Concello: Castro de Rei
- Provincia: Lugo
- CP: 27260
- Tel.: 982828125   Fax: 982828131

Correo electrónico: ceip.veleiro.docampo@edu.xunta.gal

- Páxina Web: http://www.edu.xunta.es/centros/ceipveleirodocampo
- Código do centro: 27001816
- NIF: Q – 2768020 – F

**Localización**

O CEIP Veleiro Docampo está situado na vila de Castro Ribeiras de Lea pertencente ao concello de Castro de Rei, concello que forma parte da comarca da Terra Chá na provincia de Lugo.

**Unidades creadas**

O número de unidades creadas son 10:

- Educación Infantil: 3
- Educación Primaria: 7

**Unidades en funcionamento**

O número de unidades en funcionamento son 10:

- Educación Infantil: 3
- Educación Primaria: 7
  - (1º e 2º Primaria): 2
  - (3º e 4º Primaria): 3
  - (5º e 6º Primaria): 2

**Horario de clases**

O horario do centro é de xornada continuada de mañá:

| SESIÓN | HORA |
|---|---|
| 1ª sesión | 9.15 – 10.10 |
| 2ª sesión | 10.10 – 11.05 |
| 3ª sesión | 11.05 – 12.00 |
| Recreo | 12.00 – 12.30 |
| 4ª sesión | 12.30 – 13.20 |
| 5ª sesión | 13.20 – 14.15 |

## ALUMNADO

O alumnado actual está en 199 e está distribuído da seguinte maneira:

| | INFANTIL | | | | PRIMARIA | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 4º | 5º | 6º | **Total** | 1º | 2ºA | 3ºA | 3ºB | 4º | 5º | 6º | **Total** |
| **Alumnado curso 2023/2024** | 23 | 21 | 22 | **66** | 24 | 19 | 17 | 16 | 20 | 16 | 21 | **133** |

## PERSOAL DOCENTE

**Catálogo de profesorado**

| Ed. Inf. | Ed. Pri. | Inglés | Francés | Ed. Fis. | P.T. | A.L. | Orientación | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 031 | 038 | 032 | 033 | 034 | 036 | 037 | 039 | |
| 4 | 6 | 1 | 1 | 1 | 1 | 1 c | 1c | |

**Profesorado no curso 2022-2023**

| | Ed. Inf. | Ed. Pri. | Inglés | Francés | Ed. Fis. | P.T. | A.L. | Orientación | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 031 | 038 | 032 | 033 | 034 | 036 | 037 | 039 | |
| Def. | 4 | 6 | 1 | 1 | 0 | 1 | 1c | 0 | |
| Prov. | 0 | 1 | 0 | 0 | 1 | 2 | 0 | 1c | |

## PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL 2023-2024

A Programación Xeral Anual (PXA)para o curso 2023/24 está elaborada polo equipo directivo tal e como recolle o art. 96 do Decreto 374/1996 de 17 de outubro polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

O equipo directivo redacta esta PXA recollendo as achegas do claustro de profesorado e as directrices do consello escolar. Pretendendo deste xeito asegurar a participación de toda a comunidade educativa co fin da boa coordinación de todas as actividades.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2023-2024

### Obxectivos xerais

- Traballar para conservar a boa convivencia xeral do centro, neste curso con máis medios ao nomear unha persoa **Coordinadora de Benestar e Convivencia do centro.**
- Continuar coa mellora das infraestruturas do centro. É necesaria a reforma dos baños do primeiro andar do edificio principal así como os baños do profesorado.
- Por outra banda, un aspecto importante e preocupante é que desde que se remodelou a biblioteca, coa súa ampliación, **levamos cinco cursos escolares sen ximnasio.** No inverno, vai ser moi complicado impartir EF debido ás condicións meteorolóxicas e moito máis se engadimos as goteiras que aparecen no pavillón. Todo isto está en coñecemento do concello.
- Xestionar de maneira adecuada e eficaz todos os medios humanos e recursos materiais e económicos dispoñibles.
- Fomentar un bo coidado das infraestruturas e materiais do centro intentando concienciar a toda a comunidade educativa.
- Manter relacións de colaboración e apoio con toda a comunidade educativa e coas institucións tanto educativas como sociais e culturais coas que nos relacionamos.

### Obxectivos de organización do centro

- Co desenvolvemento da nova lexislación iranse adaptando os documentos de organización e xestión do centro. Coas dificultades que crea non ter o novo regulamento de funcionamento que será aprobado pola Consellería de Educación.
- Continuar coa actualización e mellora do **Plan Dixital** do centro.
- Facilitar e colaborar na organización e realización das actividades xurdidas e promovidas dende os diferentes equipos e/ou plans, así como as actividades propostas por outras asociacións ou institucións. A ANPA, neste curso, non nos comunicou a organización de actividades.
- Revisar as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do centro (NOFC) co asesoramento da persoa **Coordinadora de Benestar e Convivencia do centro.**
- Manter informado ao profesorado das novas relacionadas co ámbito da formación e a innovación, así como da normativa lexislativa.

### Obxectivos de carácter pedagóxico e metodolóxico

- Traballar por unha educación inclusiva e sensible ás diferenzas individuais, desenvolvendo as potencialidades de cada persoa e favorecendo a integración de todo o alumnado.
- Adecuar os recursos e a metodoloxía para das resposta ao alumnado con NEAE. Mantemos as dúas docentes de PT, unha de Atención Preferente e outra como extraordinaria.
- Fomentar o traballo coordinado do profesorado empregando prácticas metodolóxicas activas coas que se garanta a participación do alumnado.
- Favorecer e incentivar a formación permanente do profesorado no centro.
- Potenciar o emprego dos recursos TIC nas propostas metodolóxicas tomando como referencia o **Plan Dixital** do centro.

**Obxectivos relacionados cos diferentes plans e proxectos**

- Consolidar a participación no PFPP que se iniciou no curso 17-18 e que continuaremos neste curso académico, por setimo ano consecutivo. Neste curso teremos dúas novas liñas de traballo en formación en benestar e convivencia e en polos creativos e bibliotecas creativas.
- En relación co proxecto E-DIXGAL, o novo profesorado recibirá a formación necesaria sempre que se oferte.
- Desenvolver e promocionar as actividades do PLAMBE que o centro xestiona por sexto curso consecutivo. Con este proxecto abrimos o centro á participación das familias coa posibilidade de asociarse e de achegarse á biblioteca escolar para desenvolver as actividades que consideren oportunas na hora sinalada para tal fin.
- Neste curso no PLAMBE temos previsto solicitar as **Bibliotecas Creativas** e os **Club de Lectura.**
- Neste curso solicitaremos, por quinta vez, e intentaremos poñer en funcionamento dous **Plans Proxecta** coas seguintes temáticas: **"MeteoEscolas" e "Proxectos de vida activa e deportiva".** Estarán enfocados, o primeiro, a quinto de primaria e o segundo a todas as etapas do centro.
- Continuamos cos apadriñamentos lectores entre cursos.
- Desenvolver de xeito eficaz o plan de traballo para cada un dos distintos órganos do centro escolar.
- Participaremos nas actividades formativas para o alumnado que nos propón a asociación de sete concellos da Terra Chá. Esta formación está prevista para cuarto, quinto e sexto.

**Obxectivos relacionados co clima de convivencia no centro e relación coas familias**

- Favorecer un clima san de convivencia no centro que sexa extensivo a toda a comunidade educativa.
- Establecer canles fluídas de comunicación que permitan detectar e corrixir as distorsións que aparecen na relación centro/familias.
- Desenvolver actitudes respectuosas e solidarias entre todos os membros da comunidade educativa.

## MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCIÓN

- Continuar o traballo nas comisións creadas para elaborar os plans e proxectos sinalados.
- Procurar na medida do posible asignación horaria para as coordinacións de proxectos.
- Establecer procedementos de coordinación e cooperación para mellorar a eficacia da toma de decisións nas reunións do equipo directivo e dos órganos colexiados, así como na xestión do tempo.
- Continuar insistindo na importancia e na necesidade de colaboración da escola e as familias.
- Elaboración do proxecto de orzamento do Centro adaptado ás necesidades dos plan e programas nos que se participe.

- Planificar, na medida do posible, medidas de atención á diversidade tanto organizativas como curriculares: planificación de desdobres en áreas instrumentais, posibilidade de agrupación de materias en ámbitos, agrupamentos flexibles, …
- Detectar, valorar e diagnosticar ao alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe e NEAE de forma temperá para dar unha resposta inclusiva.
- Unha vez conseguido que a biblioteca sexa o centro da vida cultural do centro, profundar no fomento do seu uso por parte do alumnado, das familias e do profesorado.
- Dotar ao profesorado da formación e, na medida do posible, dos recursos suficientes para contribuír á integración das TIC nos procesos de ensino e aprendizaxe de todas as áreas.
- Continuar coa análise dos diferentes documentos organizativos, pedagóxicos e de xestión do centro.
- Continuar coa boa coordinación existente coas institucións municipais e educativas para solucionar os problemas que faltan de arranxar a nivel de infraestruturas.

## RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO

- O cadro de persoal docente planificando ás súas actuacións de maneira equilibrada para dar resposta aos obxectivos e proxectos educativos.
- As familias como principal colaboradora na definición dos obxectivos e actuacións do centro.
- As institucións públicas e as diferentes asociacións que colaboran co centro no desenvolvemento de actividades.
- A normativa vixente en canto a organización e funcionamento do centro nos diferentes aspectos educativos e/ou complementarios.
- O plan de formación do profesorado PFPP.
- O programa E-DIXGAL.
- O programa PLAMBE.
- O programa PROXECTA.
- A inspección educativa e o CFR.
- As instalacións do centro, as do concello e as de empresas privadas coas que colaboramos en diferentes actividades.

## ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE

No proxecto de dirección, que delimitará xunto co resto de documentos de organización e xestión, o funcionamento do centro, sinalábase como unha das prioridades instaurar a **escola inclusiva**. Entendendo por escola inclusiva, a igualdade de oportunidades independentemente da diversidade cultural, social e/ou de aprendizaxe. Entendemos que este concepto non categoriza, senón que pretende ofrecer oportunidades reais de aprendizaxe a todas e todos en contextos educativos ordinarios.

Enlazando co anterior, unha das liñas de actuación estará representada pola intención de detectar, valorar e diagnosticar ao alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe e NEAE de forma temperá para dar unha resposta inclusiva.

O Plan de Atención á Diversidade e a Concreción Anual do Plan de Orientación e Atención á Diversidade, que se axuntan nos puntos adicados a tal fin, serán o referente de actuación en relación coa adopción das medidas educativas que faciliten unha resposta adaptada ás necesidades específicas de apoio educativo que presenta o alumnado escolarizado neste centro e, en particular, aqueles con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE).

En liñas xerais, resumimos unha serie de medidas de actuación e axuntamos a Concreción Anual do Plan de Orientación e Atención á Diversidade, no apartado correspondente, para unha explicación máis polo miúdo da totalidade das medidas. O resumo das medidas é o seguinte:

- Desde o Departamento de Orientación e xunto coa xefatura de estudos, elaborarase a organización dos apoios e coordinarase a intervención dos especialistas de PT e AL co alumnado, así como aspectos educativos relacionados coas persoas coidadoras.
- Na intención de acadar unha educación que garanta a igualdade de oportunidades, así como unha educación de calidade para todo o alumnado e coa intención de previr o fracaso escolar, o alumnado do colexio será obxecto dunha avaliación inicial por parte do profesorado titor. Este será o punto de partida para coñecer o seu nivel de competencia curricular, detectar os posibles atrasos académicos e valorar as dificultades de aprendizaxe que requiren intervención por parte do Departamento de Orientación.
- O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, NEAE, terá atención do profesorado especialista de PT e/ou AL, que xunto co titor/a levarán adiante a intervención que se concrete no programa de intervención que elaboraran conxuntamente co Departamento de Orientación.
- **Debido ao crecente número de alumnado con este tipo de necesidades o profesorado de PT atenderá as necesidades máis importantes e o alumnado que só necesite reforzo, este ofrecerase a través de profesorado de apoio e, cando non cheguen as horas deste profesorado, será nas titorías onde se dea este apoio.**
- Esta intervención realizarase de forma individual ou en pequenos grupos, dentro ou fóra da aula, previa información ás familias.

**Queremos facer constar, como xa o fixemos en cursos anteriores, que o centro necesitaría AL a tempo completo. Quen define esta situación é o catálogo de postos de traballo, pero nestes casos entendemos que deberan ser as necesidades de cada centro as que determinaran se é necesario ampliar ese recurso. Baseamos esta afirmación no informe do EOE do curso 17-18.**

# CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

**Adscrición do profesorado:**

Respectando a lexislación vixente os grupos de alumnado completan ciclo coa mesma titoría. A adscrición por titorías e especialidades resultou como segue:

| ETAPA | CURSO | TITORA/TITOR |
|---|---|---|
| Infantil | 2º ciclo 1º nivel A (3 anos ) | Remedios Fernández |
| | 2º ciclo 2º nivel A (4 anos) | Mónica Cambiazo |
| | 2º ciclo 3º nivel A (5 anos) | Gloria Carrete |
| | Apoio a Educación Infantil | Aurora Darriba |
| Primaria | 1º A | Sofía Díaz |
| | 2º A | María Jesús Castiñeira |
| | 3º A | José Manuel Pérez |
| | 3º B | Marisena Rey |
| | 4º A | Lorena Rodríguez |
| | 5º A | José Manuel Cabezudo |
| | 6º A | Verónica Bordel |

| ESPECIALIDADE | | MESTRA/MESTRE | MATERIAS E CURSOS |
|---|---|---|---|
| Filoloxía inglesa | | Mónica Mª Blanco | Infantil e Primaria |
| Educación Musical | | Teresa Lobato | Infantil e Primaria |
| Relixión católica | | Ana Teijeiro | Infantil e Primaria |
| Apoio | Infantil | Aurora Darriba | Infantil |
| | Primaria | Juan José Díaz | Primaria |
| Educación Física | | José Sánchez Pico | Infantil e Primaria |
| Orientación | | Verónica Carreira | Infantil e Primaria |
| Ped. Terapéutica | | Mª Concepción Arias<br>Almudena Ramudo<br>Alba Trabado Capón | Infantil e Primaria<br>PT At. Preferente<br>PT |
| Aud. e Linguaxe | | José Ángel Cruzado | Infantil e Primaria |

**Equipo de ciclo de Educación Infantil**

| Educación Infantil |
|---|
| Mónica Cambiazo Ascariz |
| Gloria Carrete Jato |
| Mª Remedios Fernández Bermúdez |
| Mª Aurora Darriba Núñez |
| **Coordinadora:** Mª Aurora Darriba Núñez |

**Equipos de ciclo de primaria**

| 1º Ciclo |
|---|
| **1º**: Sofía Díaz Gómez |
| **2º e Coord.**: Mª Jesús Castiñeira Losada |

| 2º Ciclo |
|---|
| **3º**: José Manuel Pérez Folgueira e Marisena Rey Gómez |
| **4º**: Lorena Rodriguez Buíde |
| **Coord.**: Almudena Ramudo Pérez |

| 3º Ciclo |
|---|
| **5º e Coord.**: Jose Manuel Cabezudo Moreno |
| **6º**: Verónica Bordel López |

| Comisión de Coordinación Pedagóxica | |
|---|---|
| Director | Juan José Díaz Valiño |
| Xefa Estudos | Mónica Cambiazo Ascariz |
| Orientadora | Verónica Carreira Sierra |
| Coor. Infantil | Mº Aurora Darriba Núñez |
| Coor. 1º Ciclo | Mª Jesús Castiñeira Losada |
| Coor. 2º Ciclo | Almudena Ramudo Pérez |
| Coor. 3º Ciclo | Jose Manuel Cabezudo Moreno |
| EDLG | José Manuel Pérez Folgueira |
| PT | Mª Concepción Arias Neira, Almudena Ramudo Pérez e Alba Trabado Capón |
| AL | José Ángel Cruzado Iglesias |
| Coor. Bibliot. | Lorena Rodriguez Buíde |
| **Secretaria:** Mª Concepción Arias Neira | |

| Actividades extraescolares complementarias | |
|---|---|
| Infantil | Gloria Carrete Jato |
| 1º- 2º | Ana Teijeiro |
| 3º- 4º | Marisena Rey Gómez |
| 5º- 6º | Almudena Ramudo Pérez |
| **Coordinador:** Teresa Lobato Janeiro | |

| Novas tecnoloxías | |
|---|---|
| Infantil | |
| Ana Teijeiro | |
| Alba Trabado | |
| Jose Sánchez | |
| **Coordinador:** Mª Concepción Arias Neira | |

| Dinamización da lingua galega | |
|---|---|
| Infantil | Mª Aurora Darriba Núñez |
| 1º- 2º | Mª Jesús Castiñeira Losada |
| 3º- 4º | Alba Trabado |
| 5º- 6º | José Ángel Cruzado |
| **Coordinador: José Manuel Pérez Folgueira** | |

| Equipo de biblioteca | |
|---|---|
| Infantil | Mónica Cambiazo Ascariz |
| Almudena Ramudo Pérez | |
| Teresa Lobato Janeiro | |
| Sofía Díaz Gómez | |
| Mónica Blanco Soilán | |
| José Manuel Pérez Folgueira | |
| Juan José Díaz Valiño | |
| **Coordinadora:** Lorena Rodriguez Buíde | |

| Comisión de convivencia | |
|---|---|
| Infantil | Remedios Fernández Bermúdez |
| 1º- 2º | Mónica Cambiazo Ascariz |
| 3º- 4º | Verónica Carreira |
| 5º- 6º | Verónica Bordel |
| **Coordinador: José Ángel Cruzado Iglesias** | |

| Departamento orientación | |
|---|---|
| Infantil | Aurora Darriba NúñezPalmeiro |
| 1º- 2º | Mª Jesús Castiñeira Losada |
| 3º- 4º | Almudena Ramudo |
| 5º- 6º | José Manuel Cabezudo |
| P.T. | Mª Concepción Arias Neira |
| | Mª Pilar Edrosa Muinelo |
| | Almudena Ramudo Pérez |
| A.L. | José Ángel Cruzado Iglesias |
| Orientador | Verónica Carreira Sierra |
| **Xefatura Departamento:** Verónica Carreira Sierra | |

## PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

Os órganos de goberno e os órganos de participación no control e xestión do centro realizarán as reunións pertinentes para o cumprimento das súas funcións e desenvolvemento do seu traballo.

O calendario de reunións, tal e como se recolle no artigo 51.2 do Decreto 374/1996 de 17 de outubro, será cando menos de tres por curso, facendo coincidir a primeira co inicio do curso e a última co remate do mesmo. Tanto o Consello Escolar como o Claustro de profesores reuniranse tantas veces como se estime oportunas, sempre que os convoque o seu presidente ou o solicite un terzo, polo menos, dos seus membros. As reunións dos órganos colexiados celebraranse preferentemente os martes pola tarde.

**Consello Escolar**

Os artigos 36 a 45 do Regulamento Orgánico (Decreto 374/1996 de 17 de outubro), coas modificacións introducidas no punto corenta e seis da LOMCE respecto do artigo 127 da LOE (Competencias do Consello Escolar), informan da súa composición e competencias.

| | **CONSELLO ESCOLAR** |
|---|---|
| Director | Juan José Díaz Valiño |
| Secretario | Jose Manuel Cabezudo Moreno |
| Xefa de Estudos | Mónica Cambiaza Ascariz |
| Rep. profesorado | Verónica Bordel López |
| | Sofía Gómez Díaz |
| | Gloria Carrete Jato |
| | Mª Concepción Arias Neira |
| | José Manuel Pérez Folgueira |
| Rep. familias | Nuria Fernández |
| | Lucía Madarro Fernández |
| | Raquel García Gigán |
| | Raquel Braña Cuadrado |
| | ANPA: |
| Rep. non docente | Mª Milagros Teijeiro Garrido |
| Rep. Concello | Mª José López |

Integradas no Consello Escolar, constituiranse as seguintes comisións:

| | **CONSELLO ESCOLAR: COMISIÓN ECONÓMICA** |
|---|---|
| Presidente | Juan José Díaz Valiño |
| Rep. profesorado | José Manuel Pérez Folgueira |
| Rep. familias | Raquel García Gigán |
| Secretario | Jose Manuel Cabezudo Moreno |

| CONSELLO ESCOLAR: COMISIÓN DE COMEDOR | |
|---|---|
| Presidente | Juan José Díaz Valiño |
| Rep. profesorado | --- |
| Rep. familias | --- |
| Encargada de comedor | Sofía Díaz Gómez |
| Secretario | Jose Manuel Cabezudo Moreno |

**Claustro de profesorado**

Integrado pola totalidade do profesorado e presididos pola dirección do centro, é o órgano propio de participación destes no goberno do centro. É un órgano colexiado coa responsabilidade de planificar, coordinar, decidir e informar sobre todos os aspectos docentes da escola.

Os artigos 46 e 47 do Regulamento Orgánico (Decreto 374/1996 de 17 de outubro) e os artigos 128 e 129 da LOE-LOMCE, recollen a súa composición e competencias.

| Claustro de Profesorado | | |
|---|---|---|
| Ed. Física | Sánchez Pico, Jose | Provisional |
| Inglés | Blanco Soilán, Mónica María | Definitiva |
| Ed. Primaria | Bordel López, Verónica | Definitiva |
| Ed. Primaria | Cabezudo Moreno, Jose Manuel | Definitivo |
| Ed. Infantil | Cambiazo Ascariz, Mónica | Definitiva |
| Ed. Prim. | Castiñeira Losada, Mª Jesús | Definitiva |
| Ed. Infantil | Carrete Jato, Gloria | Definitiva |
| Ed. Primaria | Díaz Gómez, Sofía | Definitiva |
| Ed. Primaria | Díaz Valiño, Juan José | C. Servizos |
| Ed. Infantil | Fernández Bermúdez, Remedios | Definitiva |
| Ed. Infantil | Darriba Núñez, Mª Aurora | Definitiva |
| Ed. Musical | Lobato Janeiro, Teresa | Definitiva |
| Orientación | Carreira Sierra, Verónica | Provisional |
| Al | Cruzado Iglesias, José Ángel | Definitivo |
| Ed. Primaria | Pérez Folgueira, José Manuel | Definitivo |
| Francés | Rodríguez Buíde, Lorena | Definitiva |
| Ed. Prim. | Rey Gómez, Marisena | Definitiva |
| PT | Arias Neira, Mª Concepción | Definitiva |
| | Almudena Ramudo Pérez | A. Preferente |
| | Alba Trabado Capón | Provisional |
| Rel. Cat. | Teijeiro Rodríguez, Ana | P. Laboral |

# PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

O equipo directivo renovou no curso 2021-2022 un novo ciclo na dirección do centro. Está integrado polas seguintes persoas:

| EQUIPO DIRECTIVO | | |
|---|---|---|
| Director | Juan José Díaz Valiño | Nomeamento<br>1/07/17 ao 30/06/21 |
| Xefa de Estudos | Mónica Cambiazo Ascariz | |
| Secretario | Jose Manuel Cabezudo Moreno | |

Pretendemos construír a partir do traballo realizado nos primeiros catro cursos nesta responsabilidade e intentar desenvolver aquelas parcelas que poden ser melloradas. Neste sentido, conseguida a dirección como xestión, agora debemos camiñar cara a unha dirección como liderado pedagóxico, emocional e social.

A intención é provocar, apoiar, incentivar propostas que ilusionen, que nos fagan mellores educativamente falando, que nos permita mirar ao futuro para ver un centro onde a comunidade educativa traballa collida da man e que nos faga sentir orgullo de pertencer a esta escola.
O **consenso, a delegación e o liderado sostible, transformador e distribuído** van ser tres dos principais sinais de identidade á hora da relación entre a dirección, o equipo directivo, o claustro e o consello escolar. Entendemos que un liderado non debe ser exercido por unha soa persoa, senón por un equipo que lle dea continuidade e crecemento. Un liderado sostible e transformador precisa dunha visión compartida non só do presente senón tamén do futuro e dunha dirección estendida por toda a organización e que implique a moitas persoas posibilitando a ocupación de todos os espazos de liderado posibles. Desta maneira é como entendemos, neste equipo directivo, que debe ser o tipo de relacións existentes nunha escola que aprende.

Os obxectivos que nos marcamos para este proxecto de catro anos, son os seguintes:

1. Continuar coa revisión e actualización dos documentos de organización e xestión e adaptalos aos novos cambios no centro. Coa nova lei, LOMLOE, teremos que definir os novos obxectivos e propostas.
2. Desenvolver plans de traballo específicos para o funcionamento do Equipo Directivo, Claustro de Profesorado CCP e Consello Escolar.
3. Planificar de maneira equilibrada o cadro de persoal docente para dar resposta aos obxectivos e proxectos educativos.
4. Establecer procedementos de coordinación e cooperación que melloren a eficacia da toma de decisións nas reunións e na xestión do tempo.
5. Elaboración dun plan de acollida ao novo profesorado e alumnado.
6. Xestión das necesidades de infraestruturas e medios materiais detectadas para desenvolver con calidade o proxecto educativo.
7. Ofrecer un marco de actuacións coordinadas coa ANPA e as familias en xeral que reforce o compromiso destas coas actividades educativas e mellore as relacións centro/familias.
8. Manter as relacións coas institucións públicas e establecer relacións de cooperación con agrupacións culturais: Asociación folclórica Os Valuros…
9. Participar en plans e proxectos de innovación de convocatoria autonómica e/ou estatal.
10. Deseñar un plan de formación no centro que integre a formación permanente na práctica docente con especial interese nas metodoloxías innovadoras, inclusivas, motivadoras e significativas. Nomeadamente, a aprendizaxe baseada en proxectos, a aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe-servizo, a inclusión das TIC na práctica ordinaria, …
11. Revisar e adaptar o Plan de Atención á Diversidade dentro do obxectivo dunha **escola inclusiva**.

12. **Artigo 9**: O currículo regulador do sistema educativo e **Artigo 10**: Erradicación de prexuízos nos centros escolares da Lei 7/2004 de 16 de xullo.

Neste curso 23-24 priorizaremos os seguintes obxectivos traballando todos os anteriormente nomeados:

1. Continuar coa revisión e actualización dos documentos de organización e xestión e adaptalos aos novos cambios no centro derivados pola implantación da LOMLOE.
2. Planificar de maneira equilibrada o cadro de persoal docente para dar resposta aos obxectivos e proxectos educativos.
3. Ofrecer un marco de actuacións coordinadas coa ANPA e as familias en xeral que reforce o compromiso destas coas actividades educativas e mellore as relacións centro/familias.
4. Participar en plans e proxectos de innovación de convocatoria autonómica e/ou estatal.
5. Coordinar as actuacións e demandas coa Unidade de Acompañamento e Orientación persoal e familia (UACO) da Consellería de Educación.

Dentro do proxecto de dirección está recollida a avaliación do plan de actuación do equipo directivo. Todos os sectores da comunidade educativa terán a posibilidade de avaliar este plan.

## XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO

A xornada escolar é de xornada continuada de mañá, que xa leva funcionando no centro dende o curso 2014-2015. O horario que se aplicará será o seguinte:

| SESIÓN | HORA |
|---|---|
| 1ª sesión | 9.15 – 10.10 |
| 2ª sesión | 10.10 – 11.05 |
| 3ª sesión | 11.05 – 12.00 |
| Recreo | 12.00 – 12.30 |
| 4ª sesión | 12.30 – 13.20 |
| 5ª sesión | 13.20 – 14.15 |

Os horarios incorpóranse ao final no apartado de anexos.

## QUENDAS DE VIXILANCIA DOS RECREOS

### Recreo matinal

O período matinal de lecer está organizado da seguinte maneira:

1. 12:00 a 12:30

As quendas para o seu control e vixilancia están expostas na sala do profesorado.

O profesorado de educación infantil fai as quendas de vixilancia do recreo compartindo este tempo co resto do profesorado de primaria, neste caso primeiro e segundo, tendo un espazo para este alumnado separado do alumnado de primaria.

A etapa de Educación Infantil organiza a actividade recreativa segundo as súas necesidades, quedando a criterio do profesorado, ademais do recreo conxunto, a posibilidade doutro período de lecer.

As mestras titoras de 4º de educación infantil, durante o mes de setembro, non farán quendas de vixilancia neste horario por estar inmersa no período de adaptación.

Para unha maior e máis segura organización deste tempo de lecer, elaboráronse unhas zonas de atención preferente que se recollen nun anexo e que serán adxudicadas segundo a orde de colocación na lista de quendas.

O calendario de quendas de vixilancia estará exposto no taboleiro de anuncios da sala do profesorado e comunicado a cada unha das persoas interesadas ao inicio de cada mes.

**Recreo anterior e posterior ao xantar**

O alumnado conta cun período de recreo de aproximadamente 30 minutos. A vixilancia corresponde ás persoas colaboradores do comedor escolar.

No taboleiro do comedor escolar están expostas as quendas de vixilancia e zonas de atención preferente.

## PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

| ÓRGANO | CALENDARIO | DATA | HORA |
|---|---|---|---|
| **CLAUSTRO** | Ordinarias e extraordinarias | Martes 17 de outubro.<br>Martes 30 de xaneiro.<br>27 ou 28 de xuño.<br>Extraordinarias segundo marca o regulamento. | Entre 16.30-19.30 |
| **CONSELLO ESCOLAR** | Ordinarias e extraordinarias | Martes 17 de outubro.<br>Martes 30 de xaneiro.<br>27 ou 28 de xuño.<br>Extraordinarias segundo marca o regulamento. | Entre 16.30-19.30 |
| **EQUIPO DIRECTIVO** | Semanalmente | | Nas sesións de coincidencia horaria. |

## PROGRAMACIÓN E CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

| | COM. COORD. PEDAGÓXICA | EQUIPOS DE NIVEL | BIBLIOTECA EDLG - TIC | OUTRAS COMISIÓNS (convivencia, autoprotección,... |
|---|---|---|---|---|
| **SETEMBRO** | | | | |
| **OUTUBRO** | 3 | 10 | 17 | 24 |
| **NOVEMBRO** | 7 | 14 | 21 | 28 |
| **DECEMBRO** | 5 | 12 | | |
| **XANEIRO** | | 9 | 16 | 23 |
| **FEBREIRO** | 6 | | 20 | 27 |
| **MARZO** | 5 | 12 | 19 | |
| **ABRIL** | 2 | 9 | 16 | 23 |
| **MAIO** | 7 | 14 | 21 | 28 |
| **XUÑO** | 4 | 11 | | |

## PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

Por sexto curso no CEIP Veleiro Docampo, estamos elaborando, coa colaboración do CFR de Lugo, un plan de formación bianual dentro dos PFPP no que participamos dun ou doutro xeito, case todo o claustro de profesorado. Neste curso 23-24 o PFPP terá dúas liñas de traballo.

A intención de elaborar unha formación conxunta, e no centro, é porque entendemos que deste xeito, a formación irá na mesma liña en funcións das necesidades detectadas. Temos o convencemento que é a forma en que a formación do profesorado chega de maneira máis directa e coordinada ao alumnado. A formación individual, sendo importante, entendemos que se realiza de maneira máis illada e que repercute menos nas aulas.

Este curso iniciaremos unha formación relacionada co **benestar e a convivencia.** Por outra banda teremos unha liña enfocada aos **polos creativos e as bibliotecas creativas**.

O plan de formación desenvolverase mediante dous seminario. O día adicado ás reunións formativas será os martes.

Por outra banda, e a nivel individual, o profesorado solicita a participación nas actividades que ofertan o CFR de Lugo ou outras organizacións en función das súas necesidades de formación.

## LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

A relación deste material figura no anexo. Neste curso escolar seguimos co proxecto E-Dixgal polo que o alumnado de 5º e 6º de EP non utiliza libros de texto.

## PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

### 1. Introdución

As actividades complementarias e extraescolares son todas aquelas que o centro organiza dentro ou fóra do recinto escolar tendo un carácter diferenciado das propiamente lectivas, polo momento, espazo ou recursos que utilizan, e están encamiñadas a matizar, completar e perfeccionar o currículo.

Estas actividades, contribúen de xeito importante ao desenvolvemento integral da personalidade do alumno/a, a completar a súa formación académica e á adquisición de valores e actitudes, coma a tolerancia e o respecto; polo tanto, contribúen ao desenvolvemento das competencias clave, melloran a convivencia e constitúen un campo específico para a iniciativa e a capacidade organizativa do centro.

O equipo de actividades complementarias e extraescolares do centro organizará e colaborará na realización daquelas actividades que se estimen nos distintos niveis, co fin de achegar ao noso alumnado diversas vivencias e acontecementos que favorezan o seu desenvolvemento persoal, fomenten a sensibilidade e contribúan a valorar a importancia da nosa riqueza cultural.

O equipo de actividades complementarias e extraescolares para o presente curso é o seguinte:

| **Actividades complementarias e extraescolares** | |
|---|---|
| Infantil | Gloria Carrete Jato |
| 1º - 2º | Ana Teijeiro |
| 3º - 4º | Marisena Rey Gómez |
| 5º - 6º | Almudena Ramudo Pérez |
| **Coordinador:** Teresa Lobato Janeiro | |

### 3. Xustificación e obxectivos

O equipo de actividades complementarias e extraescolares do centro responsabilizarase de propoñer, organizar e colaborar na realización daquelas actividades que se estimen nos distintos

niveis, co fin de achegar ao noso alumnado diversas vivencias e acontecementos que favorezan o seu desenvolvemento persoal, fomenten a sensibilidade e contribúan a valorar a importancia da nosa riqueza cultural.

As actividades  a desenvolver no presente curso teñen como fin acadar, como mínimo, os seguintes obxectivos:

- Fomentar a convivencia entre todo o alumnado.
- Promover a participación activa do alumnado en actividades grupais, fomentando a súa autonomía e responsabilidade.
- Favorecer o espírito de colaboración entre a comunidade educativa.
- Involucrar a todos os membros da comunidade educativa na organización e o desenvolvemento destas e doutras actividades que se poidan realizar.
- Establecer liñas de cooperación coa administración local, entidades culturais e outras que mostren interese cultural e/ou educativo e propoñan actuacións comúns sen  ánimo de lucro.
- Acadar que o alumnado sexa capaz de resaltar e vivenciar as principais datas conmemorativas.

- Crear hábitos de comportamento social favorecendo así a súa integración social.

**4. Actuacións**

Dende os distintos niveis educativos programaranse todas aquelas actividades complementarias que sexan de interese pedagóxico e que se leven a cabo no centro, ademais das saídas culturais que se programen ao longo do curso.

Como actividades a desenvolver dende o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, durante o curso escolar 2023 -2024 serán na medida do posible as establecidas na *ORDE do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.*

Esta programación non está pechada, senón que está aberta ás suxestións e actividades que se consideren de interese para o alumnado, a petición do profesorado do centro.

Tamén se realizarán saídas pedagóxicas ao longo do curso a proposta do profesorado do centro e do equipo de actividades complementarias e extraescolares.

**As Escolas Deportivas Municipais ofertan as actividades que se expoñen no recadro, xunto co horario.**

Estas actividades son organizadas e programadas polas Escolas Deportivas Municipais do concello de Castro de Rei coa supervisión do Consello Escolar.

As actividades que se ofertan para este curso, son as que se expoñen a continuación:

| Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|---|---|---|---|---|
| PREDEPORTE MULTIXOGO (infantil) 15:30 – 16:30 | ATLETISMO (primaria) 15:30 – 16:45 | BALONCESTO (primaria) 15:30 – 16:30 | XADREZ 15:30 – 16:20<br>DEPORTES DE RAQUETA (primaria) 15:30 – 16:30<br>FÚTBOL SALA BIBERÓN 16:30 – 17:30 | INICIACIÓN BALONCESTO (infantil) 15:30 – 16:30 |

Esta programación non está pechada, está aberta ás suxestións e actividades que se consideren de interese para o alumnado, a petición do conxunto de mestres e mestras, e que o programe e comunique á Dirección do centro coa debida antelación.

## PLAN DE AUTOPROTECCIÓN: MODIFICACIÓNS/OBSERVACIÓN DE QUE SEGUE VIXENTE

O Plan de Autoprotección do centro segue vixente e non se realizaron modificacións.

## PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

O persoal non docente depende da secretaría do centro.

**Conserxería e persoal de limpeza**

Ao final do curso pasado cubriuse a praza de conserxe-limpador.

O traballo de limpeza do centro realízase fóra do horario lectivo e as súas funcións están determinadas no contrato do conserxe-limpador. O horario de limpeza comeza ao rematar a actividade no centro. Desde o Consello Escolar reclamouse ao concello que se colaborara con máis persoal de limpeza xa que para unha soa persoa é inasumible. Neste momento, hai un apoio de tres días semanais, aínda que o necesario sería toda a semana.

**Persoal de cociña**

O persoal que traballa no centro relacionado coa cociña presenta as seguintes particularidades:

Unha das axudantes de cociña que se atopa en adscrición temporal, polo que o seu posta está cuberto tamén cunha persoa substituta.

O seu horario é de 9.00 a 16.30 horas.

Este persoal está composto por:

| PERSOAL COCIÑA | |
|---|---|
| Oficial 2ª cociña | Mª Milagros Teijeiro Garrido |
| Axudantes | Dolores Teijeiro Lozano |
| | Karina Raposo Rivas |

**Coidadora**

Dende o curso 2014-2015 vén desempeñando as labores de coidadora no centro para a atención a alumnado con NEAE, Mª Elena Teijeiro Fernández. O seu horario coincide co horario lectivo do centro.

# HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

**Horario do equipo directivo de atención ao público**

| HORARIO | LUNS | MARTES | MÉRCORES | XOVES | VENRES |
|---|---|---|---|---|---|
| 9.15 - 10.10 | DIR<br>XEF<br>SEC | DIR<br>XEF | | | |
| 10.10 – 11.05 | | | SEC | | DIR |
| 11.05 - 12.00 | | SEC | DIR<br>XEF | DIR<br>XEF | SEC |
| 12.00 - 12.30 | | | | | |
| 12.30 - 13.20 | | | DIR | DIR | |
| 13.20 - 14.15 | | DIR | | | DIR |

En ocasións puntuais e de máxima urxencia, cando un membro do equipo directivo teña que atender un imprevisto e se encontre impartindo clase, será substituído polo profesorado que se atope de garda.

**Horario do profesorado de atención ao público**

O horario de atención ás familias será, con carácter xeral, os martes lectivos de 15.30 a 16.30 horas.

No obstante facilitarase a comunicación coas titorías a todas as persoas que, non podendo acudir ao centro no horario previsto, soliciten cita previa coa titoría correspondente.

## PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COAS FAMILIAS

Entre os obxectivos que este equipo directivo programou no seu proxecto de dirección, atópase o que figuraba como obxectivo número sete e que di o seguinte: ofrecer un marco de actuacións coordinadas coa ANPA e as familias en xeral que reforce o compromiso destas coas actividades educativas e mellore as relacións centro/familias.

Como xa se sinalou hai un horario semanal para ofrecer información ás familias por parte de cada titoría.

Queremos resaltar tamén, que ademais da hora de atención preferente ás familias no horario do profesorado, e que está establecida os martes pola tarde, existe un documento que cada titoría entrega ás familias ao comezo do curso. Nel, unha vez que a familia fai a petición, o profesorado fai constar tres horas diferentes (en recreos, gardas...) para que a familia escolla a opción que mellor se axuste ás súas necesidades. Intentamos priorizar os martes pola tarde para evitar o devir continuo de persoas polo centro en horario lectivo.

A intención deste equipo directivo e do claustro de profesorado é ter un centro aberto a toda a comunidade educativa, polo que na organización de diferentes actividades, celebracións, festivais e demais, as familias teñan acceso ao centro e poidan colaborar e participar, tamén de maneira activa se o desexan, nas actividades organizadas.

No curso pasado, e tamén temos intención de facelo neste, organizáronse unhas xornadas de formación a través dunha **Escola de Familias**. Nesta tarefa colabora o CFR de Lugo a través da súa oferta formativa ou integrándoa dentro do PFPP do centro.

O equipo de biblioteca organizaranse actividades nas que participen as familias: contacontos, exposicións, cafés literarios, clubs de lectura... Haberá unha hora semanal, os martes de 15:30 a 16:30 na que as familias poderán facer uso da biblioteca do centro.

## PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

Inclúese como anexo o informe de Transporte escolar TR004 con toda a información das rutas, das empresas e do alumnado transportado.

Como na maioría de centros do rural, a maior parte do alumnado matriculado no centro utiliza o transporte escolar. Na actualidade hai en funcionamento 6 rutas con outros tantos autobuses pertencentes a catro empresas:

- AUCASA:
  - Ruta Triabá.
  - Ruta Loentia de saída.
- Autocares Darriba
  - Ruta Xustás.
  - Ruta Loentia de entrada.
- Empresa Trigo
- Autocares Carreiras
  - Ruta Matodoso

- Ruta San Xulián

Levamos varios cursos escolares con todas as rutas forman parte do denominado “Transporte Integrado”.

Neste curso melloráronse as canles de comunicación co Servizo de Mobilidade da Consellería de Vivenda e Infraestruturas como se viña demandando en cursos anteriores. Esta situación facilita os diferentes trámites que se teñen que realizar.

Para lograr un bo servizo, esixirase o cumprimento das normas establecidas que sexan da competencia do centro, nos demais casos, serán comunicadas ao Servizo de Transporte da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidades e ao Servizo de Mobilidade da Consellería de Vivenda e Infraestruturas as incidencias que se poidan producir.

Como está recollido na normativa, todas as rutas de transporte contan con acompañante.

## REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

O comedor conta cun plan específico de funcionamento. No curso pasado e ante a ausencia de persoal docente que asumise a condición de persoa encargada de comedor, o servizo tivo como persoa encargada a unha nai. Neste curso, unha mestra do centro presentou a súa voluntariedade de xestionar este servizo.

Os datos básicos de comedor son:

| Comedor | |
|---|---|
| **Tipo de comedor** | Comedor tipo C |
| **Tipo de xestión** | Xestión propia |
| **Comensais** | 165 |
| **Max. comensais** | 229 |
| **Colaboradores** | 9 |
| **Encargada** | Sofía Díaz Gómez |

| Alumnado usuario | | | |
|---|---|---|---|
| | | **Infantil** | **Primaria** |
| **Aportación** | 0 € | 39 | 52 |
| | 1 € | 3 | 8 |
| | 2.5 € | 0 | 6 |
| | 4,5 € | 9 | 20 |
| | TOTAL | 51 | 86 |

## PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

- Biblioteca
- Aula de música
- Aula de relixión
- Polideportivo

- Aula de informática (non conta con material suficiente para o seu uso). Agora é empregada como aula de 6Aº de primaria.
- Antiga biblioteca como ximnasio xa que levamos tres cursos sen el; tamén se utiliza para o Programa Madrugadores do Concello.

Como xa se citou noutros apartados, existe unha estreita colaboración coa ANPA do centro e co concello de Castro de Rei para posibilitar o máximo aproveitamento das instalacións en beneficio da comunidade educativa.

Tamén existen colaboracións con outros colectivos para que se poidan utilizar as instalacións sen repercutir no correcto funcionamento da actividade lectiva do centro.

**Localización dos espazos**

A organización dos espazos e uso deles é o que se sinalan nos planos indicados a continuación:

Plano 1: edificio principal planta baixa



Plano 2: edificio principal planta alta




Plano 3: edifico nº 2 e nº 3 planta alta



## PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

Ata este momento, a ANPA non presentou programa de actividades extraescolares.

## PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

A avaliación é un elemento esencial e determinante do proceso de ensinanza-aprendizaxe, que debe aplicarse tanto ao alumnado como á organización e á propia práctica docente. O plan de avaliación ten como finalidade conseguir un mellor coñecemento da práctica educativa e do contexto no que se desenvolve para que, dende o exercicio da autonomía pedagóxica e organizativa, se establezan estratexias que axuden a mellorar a calidade dos procesos de ensino-aprendizaxe, a organización e funcionamento do centro, as relacións co contorno e a propia formación dos docentes e das familias.

Por tanto, non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática. Por unha parte, indicando que obxectivos e competencias se conseguen e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e onde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

A avaliación do funcionamento do centro farase de forma continuada partindo de:

- Reflexión sobre o modelo de escola que se pretende.
- Identificación das prioridades educativas da comunidade escolar.
- Estrutura organizativa.
- Participación do alumnado e das súas familias na vida do centro.
- Adaptación de obxectivos e contidos as posibilidades reais do alumnado.
- Adaptación do ensino á realidade lingüística do alumnado.
- Estratexias de avaliación inicial, formativa e final do alumando e da resposta educativa.
- Instrumentos de avaliación.
- Organización de tempos e espazos.
- Programas de diversificación curricular.
- Principios metodolóxicos.

O calendario de avaliación do alumnado aprobado no claustro de profesorado, será o seguinte:

| Avaliación | Data | Entrega de notas |
|---|---|---|
| **1ª Avaliación** | 19 de decembro | 21 de decembro |
| **2ª Avaliación** | 19 de marzo | 22 de marzo |
| **3ª Avaliación** | 25 de xuño | 26 de xuño |

## PROGRAMAS OU PLANS ANUAIS DE LECTURA

As liñas de xerais de actuación para a mellora da competencia lectora e o desenvolvemento do hábito lector no alumnado aparecen recollidas no “Proxecto Lector”do CEIP Veleiro Docampo. Este documento foi elaborado no ano 2012 e modificado parcialmente con aprobación polo Consello Escolar o 14 de outubro de 2014. **No curso 19-20, fíxose unha modificación**

**íntegral que foi aprobada polo Claustro e polo Consello Escolar o 25 de xuño de 2020. Ten vixencia por 5 anos.**

O Plan Anual de Lectura é un documento a curto prazo que ten, como xa sinalamos, como referencia o Proxecto Lector de Centro e que contribúe a revisión e mellora deste último.

Continuarase coa realización daquelas actividades e propostas que contribúen á mellora da competencia lectora e ao desenvolvemento do hábito lector no alumnado do CEIP Veleiro Docampo.

Este plan de lectura revísase cada curso con motivo das modificacións que se están implantando co desenvolvemento do PLAMBE que nos foi concedido no curso 18-19 e que este é o sexto curso de funcionamento.

ANÁLISE DA SITUACIÓN INICIAL

Para poñer en funcionamento o plan, pártese da análise da situación actual do centro e do alumnado en materia lectora para de este xeito, poder determinar aspectos como:

- Análise dos medios que posúe o centro para cubrir as necesidades nese senso e que uso real se fai deses medios.

- Valoración do hábito lector e a comprensión lectora do noso alumnado.

- Propostas de actividades a levar a cabo en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas dos rapaces e rapazas.

Todo isto formaría parte da avaliación inicial do plan lector que será o marco que englobará os distintos plans anuais de lectura que se irán propondo ó longo de cursos posteriores.

Para poder avaliar estas características do alumnado, pódese recorrer a enquisas, empregar un anecdotario lector, observacións que proveñen de entrevistas da titoría co alumando e coas familias, ...

Ademais a forma de levar a cabo esta avaliación inicial pode ser distinta segundo os cursos xa que, sobre todo en idades temperás, pode ser importante e interesante a colaboración das familias nestas avaliacións.

Con isto determínanse as actuacións concretas que van recollidas neste documento para o curso escolar.

Neste curso escolar temos un novo espazo para a biblioteca con máis metros cadrados e remodelado para dar resposta ás necesidades da comunidade educativa.

ANÁLISE DA UTILIZACIÓN E FRECUENCIA NO USO DOS RECURSOS MATERIAIS ESPACIAIS DO CENTRO DIRECTAMENTE RELACIONADOS COA LECTURA:

Este apartado engloba tres aspectos vinculados entre si:

- <u>O tempo adicado á lectura</u> (Decreto 105/2014 de 4 de setembro). Durante o presente curso escolar, co consenso de todos os membros do claustro, séguese a manter un tempo mínimo de lectura incluído en todas e cada unha das áreas que se imparten diariamente. Neste curso o tempo de lectura realizarase despois do tempo de lecer.

- <u>As bibliotecas de aula</u>. Nas aulas, existen bibliotecas que son empregadas polo alumnado para facer lectura de tipo extensivo é dicir, lectura libre nos momentos en que o alumnado remata a tarefa, ou como préstamo. No préstamo case todas as aulas empregan a biblioteca do centro educativo.

- <u>A biblioteca do centro educativo.</u> Cóntase cunha biblioteca escolar que, ten catalogada a meirande parte do material, a través da aplicación PROXECTO MEIGA. O préstamo dos volumes faise a través da persoa titora do grupo e/ou os biblioaxudantes, que fan o rexistro do mesmo.

O equipo de biblioteca encárgase nestes momentos de catalogar novo material, así como dinamizar algúns aspectos da mesma.

O obxectivo será converter a biblioteca no eixo dinamizador do proceso educativo no marco do centro escolar.

OBXECTIVOS XERAIS:

Os obxectivos xerais que se propoñen neste PLAN LECTOR para o presente curso escolar, a nivel xeral e que consecuentemente redundarán na adquisición de obxectivos do PROXECTO LECTOR son os seguintes:

- Fomentar no alumnado o interese pola lectura potenciando a formación de lectores competentes.
- Potenciar a comprensión lectora dende todas as áreas do currículo.
- Desenvolver a capacidade lectora como medio para a adquisición do hábito lector.
- Descubrir a lectura como medio de ocio e desfrute persoal.
- Trasladar ao ámbito extraescolar e familiar o interese pola lectura así como fomentar a participación das familias na escola en materia lectora. **Os martes de 15:30 a 16:30, as familias que o desexen poden acudir á biblioteca.**
- Utilizar medios informáticos e audiovisuais como un recurso máis para a xestión e busca de información.
- Potenciar o uso da biblioteca tanto de aula como escolar converténdose en recursos para o ocio e tamén para a construción de novos coñecementos.

ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS:

Consideracións previas

Antes de comezar coas actividades, sería conveniente na elección das lecturas ter en conta os temas e as características dos textos preferidos polos nenos segundo as súas idades.

Nos primeiros cursos de primaria deben ter as seguintes características:
- Profusión de imaxes para asegurar a comprensión lectora.

- Textos inscritos en espazos familiares para o alumnado, con presencia de ingredientes fantásticos e desenlaces felices e/ou inesperados.
- Protagonista infantil ou de animais personificados para favorecer a identificación lectora.
- Temas centrados nas emocións, a afectividade e as relacións humanas e interpersoais.

En terceiro e cuarto de primaria serían:

- A importancia das imaxes na comprensión lectora diminúe xa que se axiliza o léxico visual.
- Os universos marabillosos e os contos fantásticos do folclore popular enmarcados en espazos naturais son os preferidos.
- Xirarán en torno a nenos e nenas e animais personificados que superan conflitos para favorecer a identificación lectora.
- Xunto á ficción fantástica aparecen os textos de corte realista ou social, por un interese crecente polas relacións dos suxeitos co seu entorno.
- Espertar a curiosidade polo humor, o misterio e a ciencia – ficción.

En quinto e sexto de primaria os textos caracterízanse por:

- As imaxes perden importancia en favor do texto.
- Os mundos fantásticos aínda fascinan pero amplíanse as preferencias: os mitos, as aventuras e as exploracións, as intrigas de detectives, a denuncia social, a parodia, o humor...
- Abundan protagonistas da mesma idade dos lectores para encarnar as súas preocupacións vivencias.
- Diminúe o predominio da 3ª persoa e, con frecuencia, é a personaxe o que conta a historia coa súa propia voz.

En todos os niveis educativos realizaranse actividades antes da lectura, durante a lectura e despois da lectura.

Poñemos como exemplo unha serie de actividades a realizar nos dous últimos cursos de primaria:

- Antes de ler: formulación de preguntas sobre o que suxire o título.
- Durante a lectura: lectura silenciosa para comprender ben o que se le e en voz alta para traballara entoación. O mestre corrixirá os problemas de vocalización, de entoación e de pausas. Tamén se realizarán preguntas de comprensión máis complexas que nos outros cursos.
- Despois da lectura:
  - Lembrar, reflexionar, meditar e valorar o lido.
  - Ler bos textos de todo tipo para que aprendan outros xeitos de escribir que axuden a mellorara do alumnado.
  - Participación activa en propostas de animación da lectura pensada para compañeiros máis pequenos.
  - A ficha de lectura: elaboración dunha ficha de lectura
  - Actividades de uso da biblioteca de aula e de centro: neste ciclo, o alumnado ten certa autonomía para manexarse en ámbolos dous espazos e se lle seguirán formulando actividades para as que precise recorrer ós materiais da biblioteca.

- Taller de prensa: coñecer os medios de comunicación escritos, o seu formato, as súas seccións e o que se trata en cada unha, e análise crítico da prensa.
- Taller de contos e relatos: dramatizar textos (lectura en voz alta entre varios compañeiros) e escenificalos (elaborar un decorado, elixir vestiario...).

Ademais destas actividades, traballaremos con outras tarefas que desenvolvan a motivación lectora e que se poden aplicar nos distintos ciclos como poden ser:

- Técnicas de Rodari: (todos os cursos) actividades para xogar coas palabras e estimular a invención de historias: binomio fantástico, ensalada de contos...
- Dramatización de contos, poemas...: (todos os niveis) representar un texto lido en clase, seleccionando ou elaborando posibles diálogos e comentarios previamente, como debe actuar ou vestir cada personaxe...
- Antoloxía de poemas: (todos os niveis) elaborar un caderno con poemas seleccionados e/ou escritos polo alumnado con ilustracións realizadas por eles.
- Comentario de finais alternativos: (todos os cursos) idear entre todos distintos finais para unha historia e chegar a un acordo para ver cal é o mellor, tendo que xustificar cadanseu final.
- Álbum de imaxes: (1º e 2º) debuxar escenas das lecturas que se van facendo ao longo do curso. Despois pódense incluír nun caderno das lecturas do curso.
- Coloquio aberto: (De 3º a 6º) debater sobre as accións das personaxes dunha lectura, razoando e valorándoas a partires das súas propias vivencias e experiencias.
- Poemas colectivos: (De 3º a 6º) faise un listado de palabras que rimen e se compoñen frases con elas. Despois ordénanse nuns versos con sentido.
- Cargo rotativo de bibliotecario: (De 3º a 6º) elixir periodicamente un responsable da biblioteca de aula que actualice o rexistro das obras e controle os empréstitos.
- Escritura colectiva de contos: (5º e 6º) escribir un conto entre todo o alumnado, engadindo frases ata completalo.

Realizaranse tamén actividades relacionadas co resto de áreas do currículo e coas actividades complementarias e extraescolares.

A BIBLIOTECA ESCOLAR COMO RECURSO NO PLAN DE LECTURA ANUAL:

Enténdese por Biblioteca Escolar, tomando como referencia o manifesto UNESCO sobre Bibliotecas Escolares como un espazo educativo de importante interese no proceso de ensino-aprendizaxe,que presenta unha gran cantidade de recursos para favorecelo. Así, debe entenderse a biblioteca escolar como un recurso empregado pola comunidade educativa, como fonte de información e coñecemento.

A biblioteca, asenta as bases do aprender continuo ou o que é o mesmo, as habilidades e destrezas propias da competencia de aprender a aprender. Pero, sobre todo nestas etapas da escolaridade, tanto de Educación Infantil como de Educación Primaria, a biblioteca escolar debe ser un lugar de confianza para o alumno ao que acudir para desfrutar da lectura, introducíndose naqueles mundos que estimulen a súa creatividade e fantasía así como ir incorporando este espazo como un recurso para ampliar coñecemento e resolver dúbidas contribuíndo así ó desenvolvemento das áreas de coñecemento do currículo.

Poñeranse en marcha os obxectivos e medidas propostas no proxecto presentado e aprobado do PLAMBE.

- Continuaremos cos apadriñamentos lectores.
- Propostas para hora de ler ( intercambios lectores, motorizacións, contos musicados, bibliografía,fomento da participación das familias na "Hora de Ler", recomendacións de lectura coa mascota de aula)
- Propostas para a busca e xestión da información ( acceso e emprego da biblioteca e de todos os recursos da mesma para adquirir contidos)
- Propostas para fomentar a animación á lectura e á escritura ( fomento da composición escrita,participación en concursos e certames, exposición de traballos, coplas dos maios....)
- Propostas para as distintas conmemoracións escolares ( momentos lectores, intercambios interciclos e interaulas, power point con lecturas...)
- Coñecemento de recursos externos vinculados coa lectura e a información ( internet, biblioteca do concello, editoriais, contacontos...)
- Proposta para a participación activa da comunidade educativa na animación á lectura ( fomento da lectura no centro polas familias, acudir á biblioteca do Concello, as "Mochilas Viaxeiras", recomendacións de libros de literatura infantil, expor ao alumnado modelos lectores correctos facendo acompañamentos lectores no fogar, animar a crear una biblioteca na casa, actividades de intercambio de libros con amizades e familiares, ...)

Todas estas propostas irán concretándose nos distintos trimestres ó longo do curso escolar vinculando as distintas propostas cos equipos docentes para traballar de xeito consensuado e dinamizar a biblioteca escolar.

RECURSOS HUMANOS, MATERIAIS E ORGANIZATIVOS:
**Recursos humanos:**

Os recursos humanos para levar a cabo este plan de lectura confórmanos todo o profesorado do centro educativo con especial relevancia do Equipo Directivo e o Equipo de Biblioteca que é o seguinte:

| **Equipo de biblioteca** | |
|---|---|
| Infantil | Mónica Cambiazo Ascariz |
| Almudena Ramudo Pérez | |
| Teresa Lobato Janeiro | |
| Sofía Díaz Gómez | |
| Mónica Blanco Soilán | |
| José Manuel Pérez Folgueira | |
| Juan José Díaz Valiño | |
| **Coordinadora:** Lorena Rodriguez Buíde | |

**Recursos materiais:**

Os recursos materiais para desenvolver este plan anual de lectura están vinculados a aqueles que están presentes tanto nas bibliotecas de cada unha das aulas , como a biblioteca do centro educativo que se ornará nunha ferramenta práctica dentro da vida escolar.

A maiores contamos con recursos presentes na Comunidade como poden ser: Biblioteca do Concello, bibliotecas públicas, recursos na web e materiais que se vaian adquirindo en relación coa lectura.

Neste sentido tamén se empregarán os recursos acadados coa terceira fase do PLAMBE.

**Recursos organizativos:**

Todas as aulas contarán cunha hora para poder acudir á biblioteca e facer o préstamo, o profesorado prestará asesoramento en canto ás lecturas así como os membros do equipo da biblioteca, propoñendo recomendacións de volumes, informando de novidades no stand da mascota, etc.

Ademais cóntase coas bibliotecas de aula como recursos para o préstamo que, como proposta poden enriquecerse con volumes aportados polas familias ( en consenso coa titoría) ou pola biblioteca de centro.

Seguiremos coas labores de expurgo, labores de catalogación e rexistro de fondos bibliográficos. Continuaremos facendo os andeis máis accesibles, usando códigos visuais adecuados, tamaños de letras máis grandes, colorido, debuxos, en definitiva, información máis atractiva. Tamén seguiremos usando taboleiros con carteis informativos das distintas actividades e expositores coas novidades e cos temas do mes.

Sacaremos a biblioteca fóra creando puntos de lectura en distintas zonas do centro ( corredores, patio…) como xa fixemos en cursos anteriores.

Crearemos un buzón de suxestións.

SEGUIMENTO DO PLAN E AVALIACIÓN FINAL

Todo plan ou proposta precisa ser avaliado de cara a valorar a súa eficacia e resultados.

Ao longo do curso, e vinculando a todo o Claustro, faranse avaliacións conxuntas nos equipos de coordinación docente para valorar o desenvolvemento deste plan relacionado coa lectura.

Ao rematar o curso elaborarase unha memoria final onde se recolla o grado de consecución teleobxectivos propostos neste plan así como as propostas de mellora, tanto dos ciclos, como do equipo de Biblioteca, co fin de ir mellorando de forma progresiva na implantación da lectura como unha actividade normalizada na vida do centro.

Todas as conclusións e propostas formarán parte da Memoria Final do curso e tamén na memoria final do PLAMBE como elemento de reflexión e mellora das accións formuladas no centro educativo.

LINGUA MATERNA PREDOMINANTE ENTRE O ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL

O resultado da pregunta ás familias, titores/as ou representantes legais para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado de Educación Infantil, ofreceu os seguintes resultados:

Incorpóranse ao centro 23 alumnos e alumnas dos cales maioritariamente manifestan que a súa lingua materna é o galego:

| LINGUA MATERNA | |
|---|---|
| IDIOMA | ALUMNADO |
| Galego | 14 |
| Castelán | 6 |
| Galego-castelán | 1 |
| Bereber-Castelán | 1 |
| Castelán-Catalán | 1 |
| TOTAL | 23 |

ACTIVIDADES E ESTRATEXIAS DE APRENDIZAXE PARA QUE O ALUMNADO ADQUIRA DE FORMA ORAL E ESCRITA O COÑECEMENTO DAS LINGUAS OFICIAIS

En xeral podemos considerar:

- Apoio individualizado ao alumno con dificultades en algunha das linguas.
- Reforzo educativo na lingua na que teña maiores dificultades partindo da lingua oral.
- Traballar o vocabulario básico nas dúas linguas.
- Axudarse de contos, cancións, poesías, xogos de patio, dramatizacións, para fomentar o uso das linguas oficiais.
- Axudarse de material audiovisual (películas, internet, xogos...) Que serva de reforzo visual a adquisición do vocabulario.
- Traballar o específico e diferente nas fonéticas das dúas linguas.
- Partir de experiencias próximas ao alumnado para ampliar o seu vocabulario.

Educación infantil:

Á hora de tomar decisións sobre as medidas a adoptar para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten na etapa de Educación Infantil, teremos en conta os seguintes aspectos:

- Como aprenden os nenos e as nenas.
- Respectar o principio de globalización.
- Asegurar aprendizaxes significativas e funcionais.
- Rol que debe asumir o profesorado.
- A consideración do xogo como a actividade propia desta etapa.
- Necesidade da creación dun ambiente cálido e acolledor.
- Organización do ambiente de aprendizaxe: espazo, materiais, agrupamentos e tempo.
- Tipo de actividades.
- A coordinación entre todos os profesionais que interveñen.

As actividades básicas para esta etapa serán as seguintes:

- Xogos de carácter audiovisual.
- Cantar (cancións infantís, cancións populares…).
- Adiviñas.
- Representar obras teatrais.
- Escoitar e contar textos imaxinativos e contos con imaxes.
- Emprego de materias específicos (quebracabezas, …).
- Emprego de software específico para traballar as TIC.

Educación primaria:

Á hora de tomar decisións sobre as medidas a adoptar para que o alumnado que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten na etapa de Educación Primaria, teremos en conta os seguintes aspectos:

Toda a actividade que realizan os nenos e nenas ao longo da xornada escolar é potencialmente educativa, nada do que se fai na aula resulta indiferente, e así é como debe considerarse na súa planificación.

As actividades propostas deberían supoñer sempre un reto para o alumnado e mobilizar diferentes competencias na súa realización. A estas idades serán variadas e a súa duración debe estimarse en función do interese que susciten.

As actividades básicas para esta etapa vertébranse en actividades de carácter xeral e actividades de carácter lúdico:

Actividades de carácter xeral:

- Actividades de produción escrita (composición).
- Actividades de produción oral (ler, contar, presentar, interactuar, ...).
- Actividades gramaticais (encher ocos, rematar oracións, ...).
- Actividades de vocabulario.
- Actividades de comprensión lectora.
- Actividades de comprensión oral.
- Desenvolvemento e análise de programacións na aula sobre contidos da materia.
- Chuvia de ideas, redes de vocabulario, ...
- Emprego de materiais escolares variados destinados á didáctica da lingua.

Actividades de carácter lúdico:

- Orais (historias con erro: como, cando, onde, ...)
- Escritos (o xogo do aforcado, ...)
- Audiovisuais (o bingo das imaxes, o xogo das películas, ...)
- Xogos de taboleiro e de cartas (as palabras cruzadas, o Pictionary, o xogo da oca, Monopoly, ...)
- Mímica, ...
- Pasatempos (encrucillados, sopas de letras, adiviñas, ...)
- Cancións populares.
- Recontar e reescribir historias.
- Representar un papel ensaiado.

INFORMACIÓN E VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA O CURSO ANTERIOR E INFORMACIÓN DO QUE SE VAI A DESENVOLVER

Ao longo do curso pasado, así como en cursos anteriores, leváronse a cabo diferentes actividades para o fomento e dinamización da lingua galega, moitas delas dentro das axudas para os equipos de dinamización da Lingua Galega convocadas anualmente.

**Valoración das actividades para o fomento e dinamización da lingua galega no curso anterior**

As actividades realizadas o curso anterior, así como a súa avaliación correspondente forman parte da memoria de actividades elaborado polo EDLG a finais do curso pasado.

Destacar a elaboración un ano máis do xornal escolar Veleiriña.

Esta actividade supón que desde a conta da xestión de funcionamento do centro se destinase unha boa partida ao financiamento da mesma, pois a contía outorgada aos proxectos de fomento do uso do galego non é suficiente.

**Información do que se vai a desenvolver**

De cara ao presente curso vanse seguir realizando actividades similares. De xeito resumido presentamos unha relación de actuacións previstas que son as seguintes:

**PROXECTO "A VELEIRIÑA CAMIÑA: OS CAMIÑOS DA CULTURA":**
- Investigación por cursos dos diferentes camiños de Santiago.
- Os poemas do camiño: actividade a realizar pola conmemoración do Día de Rosalía no que o alumnado creará poesías e debuxos sobre o camiño de Santiago.
- Letras Galegas: investigar que autores en lingua galega naceron nos pobos onde pasan os diferentes camiños.
- Actividade intercentros co IES Basanta Silva: o alumnado do IES de Vilalba virá ao noso centro a facer un obradoiro de regueifas.
- Actividade intercentros co IES Trapero Pardo: o alumnado de terceiro ciclo serán os padriños e madriñas e ensinaranlles as súas creacións.

**FOMENTO DO USO DO GALEGO E AS TIC:**
-Edixgal: como temos implantado este programa, o alumnado e profesorado de terceiro ciclo enviarán mensaxería entre eles usando a nosa lingua materna.
- Fomento do galego na aula virtual dos diferentes cursos.
- Utilización da Plataforma Dixital E-LBE.2: lectura e préstamo de contidos dixitais en galego.
- Posta en marcha na web do colexio da área de Dinamización da Lingua Galega: novas, actividades, enlaces,...
- Continuación como medio de comunicación do facebook e instagram da nosa Biblioveleiro.
- Realización de videos en galego: regueifas, paz, entroido...
- Xogo interactivo: Do A ao Z (O camiño de Santiago)

**FOMENTO DA LINGUA GALEGA:**
- Apadriñamentos lectores: día das bibliotecas, día de Rosalía, Letras Galegas,...
- Obras de teatro en Lingua Galega.

- Obradoiro de regueifas.
- Creación de contos e poemas en galego (Samaín, Día de Rosalía) e lectura entre as clases.
- Xornal Novas 15: onde cada curso escollerá un camiño e traballará sobre a súa temática.
- Biblionovas: anuncios mensuais en papel das actividades que realizan os distintos departamentos.
- Suscrición ao xornal "O papagaio".
- Cancioneiro do Camiño.
- Libros sobre o camiño: "Seres fantásticos do camiño", "O camiño de Santiago", "Camiño de Santiago da Geira e dos Arrieiros: guía do peregrino", "Marosa e Mariña camiñan a Compostela". "Formigas: misión camiño"...

## CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

O equipo de dinamización da lingua galega foi constituído no claustro celebrado o 4 de setembro de 2023. Está integrado polo seguinte profesorado:

| | **Dinamización da lingua galega** |
|---|---|
| Infantil | Mª Aurora Darriba Núñez |
| 1º- 2º | Mª Jesús Castiñeira Losada |
| 3º- 4º | Alba Trabado |
| 5º- 6º | José Ángel Cruzado |
| | **Coordinador: José Manuel Pérez Folgueira** |

# Plan do Departamento de Orientación

## ÍNDICE


- Introdución
- Obxectivos xerais
- Planificación xeral e definición das accións prioritarias
- Plans de actuación
    - **Programa de Apoio ao Proceso de Ensino-Aprendizaxe**
        - Finalidade
        - Obxectivos
        - Criterios e procedementos de avaliación do programa de apoio as proceso de ensino-aprendizaxe
    - **Programa de Atención á Diversidade**
        - Situación xeográfica e sociocultural do centro.
        - Finalidade
        - Obxectivos
        - Medidas e modelos organizativos de atención á diversidade
            - Medidas curriculares
            - Modelos organizativos
            - Criterios para a atención ao alumnado
            - Recursos
            - Implicación dos diferentes profesionais que colaboran no plan de atención á diversidade
            - Avaliación psicopedagóxica
            - Información e implicación das familias
            - Actuacións que se realizan co alumnado

·Accións dirixidas a todo o alumnado

·Accións dirixidas a alumnos /as concretos

- Criterios e procedementos de avaliación do Plan de Atención á Diversidade.
    - **Programa de Convivencia e Educación en Valores**
        - Finalidade
        - Obxectivos
        - Criterios e procedementos de avaliación do Programa de Convivencia e Educación en Valores
    - **Programa de habilidades sociais**
        - Obxectivos
        - Habilidades sociais
        - Criterios e procedementos de avaliación do programa de habilidades sociais
    - **Plan de Acción Titorial**
        - Finalidade
        - Obxectivos
        - Actividades
- Autonomía persoal/responsabilidade
- Responsabilidade co grupo
- Relacións sociais/tolerancia
        - Principios metodolóxicos
- Para favorecer o desenvolvemento persoal e social

- Para favorecer as relacións interpersoais.
- Para favorecer a motivación
- Recursos
- Avaliación do plan de orientación
    - Pasos a seguir na avaliación do plan de orientación
    - Criterios de avaliación empregados
    - Procedementos e instrumentos de avaliación

## INTRODUCIÓN

A Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no seu Preámbulo fala da concepción da educación, entendida coma unha mellora da condición humana e da vida colectiva. Ademais fai un percorrido histórico das diferentes leis educativas e tamén se mencionan os principios que orientan a Lomloe. Entre estes principios destacan: a educación de calidade, dirixida a tódolos cidadáns, a tódolos sexos e a tódolos niveis. Menciónanse apoios no sistema educativo para garantir a igualdade de oportunidades, así como a necesidade de colaboración da comunidade educativa, é dicir debe haber un esforzo compartido coa sociedade. Menciónase un compromiso explícito coa UNESCO e cos ODS (obxectivos de desenvolvemento sostible).
Tamén se fai referencia ao aprendizaxe ao longo de toda a vida, polo tanto iso redunda na flexibilidade do sistema. Ademais menciónanse os dereitos do neno; a equidade e a igualdade de oportunidades; de valores (liberdade persoal, etc...); de aprendizaxe permanente; de flexibilidade do Sistema Educativo; dunha Orientación educativa e profesional como medio necesario para unha educación de calidade; do esforzo individual do alumnado; do esforzo compartido das familias; de autonomía (Comunidades Autónomas e Centros educativos); da participación da comunidade educativa nos órganos de goberno dos centros; de Educación para a convivencia; da función docente; do fomento da investigación e da innovación; da Avaliación do Sistema; da cooperación das distintas Administracións; da educación para a transición ecolóxica, etc...

Entre os fins que introduce a LOMLOE destacan os de:
-Pleno desenvolvemento persoal e capacidades do alumnado.
-Igualdade.
-Formación para a paz.
-Formación de hábitos saudables e inculcación do deporte.
-Coidados de colaboración social.
-Capacidade de comunicación en linguas cooficiais e estranxeiras.
-Preparación para ser cidadáns.
-Preparación para a capacitación na sociedade dixital.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio (BOE 4-05-2006) e maila LOMCE son modificadas pola LOMLOE nos seguintes termos:
**Os cambios que introduce a LOMLOE na Educación Infantil** pódense resumir en:
Na ordenación e principios pedagóxicos da educación infantil, incorpórase o respecto á específica cultura da infancia que definen a Convención sobre os Dereitos do Neno e as Observacións xerais do seu comité.
Outórgase un mandato ó Goberno en colaboración coas Administracións Educativas para regular os requisitos mínimos que deben cumplir os centros que imparten o 1º ciclo de Educación Infantil.

O carácter educativo de ámbolos 2 ciclos de Educación Infantil será recollido nunha proposta pedagóxica por tódolos centros que impartan Educación Infantil.
Entre os obxectivos da etapa de Infantil añádese o de promover, aplicar e desarrollar as normas sociais que promoven a igualdade de xénero.
Para garantizar a continuidade do proceso de formación e unha transición e evolución positiva de todo o alumnado, reflexarase no desenrolo curricular a necesaria continuidade entre esta etapa e a Educación Primaria, o cal requirirá da estreita coordinación entre o profesorado de ámbalas dúas etapas.

**<u>Con respecto á Educación Primaria, a LOMLOE introduce os seguintes cambios:</u>**
Entre os obxectivos da etapa inclúense matizacións que recollen as habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, así como a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
Faise fincapé no traballo da educación para o consumo responsable e o desarrollo sostible, a educación para a saúde, incluida a afectivo-sexual.
Reestablécense os 3 ciclos anteriormente existentes e reordénanse as áreas, que estarán orientadas ó desenrolo das competencias do alumnado.
As áreas pan a ser: Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural, que se poderá desdoblar en Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais; Educación Artística; que se poderá desdoblar en Educación Plástica e visual por unha parte e Música e Danza pola outra; Educación Física; Lingua Castelá e Literatura, e en caso de habela, Lingua propia da Comunidade e Literatura; Lingua Estranxeira e Matemáticas.
Añadirase nalgún dos cursos do 3º ciclo a área de Educación en Valores cívicos e éticos, que incluirá contidos referidos á Constitución Española, ó coñecemento e respeto dos Dereitos Humanos e da Infancia, á educación para o desarrollo sostible e á cidadanía mundial, á igualdade entre homes e mulleres, ó valor do respeto á diversidade e ó valor social dos impostos, fomentando o espíritu crítico e a cultura da paz e non violencia.
Establécese cando o equipo docente considere que un alumno non alcanzou as competencias previstas, poderá permanecer un ano máis no último curso deste ciclo, sendo unha medida excepcional que só se poderá adoptar unha vez durante a educación primaria, e que deberá ir acompañada dun plan específico e personalizado de apoio para a adquisición das competencias non alcanzadas.Ó finalizar a etapa, cada alumno disporá dun informe sobre a súa aprendizaxe, os obxectivos alcanzados e as competencias adquiridas.
No 4º curso de E.P. tódolos centros realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias adquiridas polos alumnos que terán carácter informatico, formativo e orientador para os centros, os alumnos e as súas familias.

**O Decreto 155/2022, do 15 de setembro (DOG do 26 de setembro de 2022) polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia consagra os mesmos principios sinalados anteriormente.**

Finalmente o Decreto 120/98 do 23 de abril (DOG 27-4-98), polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. a Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG 31-7-98) que o desenvolve e o Decreto 229/2011 do 7 de decembro (D.O.G. 21-12-2011) polo que se regula a atención á diversidade, constitúen os referentes legais que regulan a orientación educativa e profesional e dan coherencia aos servizos de orientación na nosa Comunidade Autónoma.

Tendo en conta o establecido na lexislación vixente xa citada, a orientación enténdese como un proceso que actúa a través de tres niveis: titoría, Departamento de Orientación e os Equipos de Orientación Específicos. No desenvolvemento do proceso orientador respectaremos tres principios fundamentais:

- Principio de prevención .
- Principio de desenvolvemento.
- Principio de intervención social.

## OBXECTIVOS XERAIS

Os obxectivos básicos que pretendemos conseguir co presente plan de orientación son os seguintes:

- Impulsar o desenvolvemento psicosocial dos alumnos/as
- Facilitar a integración no grupo-clase e a participación nas actividades.
- Inicialos no proceso de toma de decisións.
- Desenvolver un axeitado nivel de autoconcepción e autoestima.
- Mellora das habilidades sociais.

- Optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe.
- Detección temperá de necesidades.
- Coordinar as respostas educativas axeitadas ás dificultades dos alumnos/as.
- Coordinar o proceso de atención á diversidade.
- Coordinar a acción educativa do equipo docente.

- Asesorar á Comunidade Educativa.
- Profesorado
- Alumnado
- Pais/nais.
    - Servir de enlace entre o Centro e outras institucións: IES, CEFORES, Servizos Sanitarios e Asistenciais, etc.

    - Dinamizar a acción titorial.

## PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS.

Desde o Plan Anual de Orientación pretendemos desenvolver accións dirixidas a:

- **Optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe:**
    - Reforzo das aprendizaxes instrumentais básicas, especialmente da lectura ,escritura, cálculo e resolución de problemas.
    - Detectar e coñecer as necesidades educativas do alumnado, de xeito especial, daqueles alumnos/as que presentan necesidades específica de apoio educativo , para poder levar a cabo o axuste da resposta educativa e aplicación das medidas de

atención á diversidade que máis favorezan o desenvolvemento tanto das capacidades como das habilidades do alumnado.

- Solicitar a colaboración dos pais/nais e facilitarlles o asesoramento necesario naquelas actividades de apoio escolar que sexan necesarias para os seus fillos/as.

- **Impulsar o desenvolvemento psicosocial dos alumnos/as:**
- Facilitar a integración na etapa e grupo-clase
- Facilitar o desenvolvemento dun nivel axeitado de autoconcepto e autoestima.
- Fomentar a tolerancia, o respecto e a aceptación .
- Desenvolver a madurez vocacional, espertando o gusto e interese polo coñecemento das distintas profesións, a través do currículo das distintas áreas, especialmente das áreas de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais.

## DEPARTAMENTO E COMPOÑENTES:

O seguimento destas accións, en cada centro, será realizada polo DO coa colaboración dos titores/as.

Os membros do Departamento de Orientación no presente curso son os seguintes:

| DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN | | |
|---|---|---|
| Coordinadora: Verónica Carreira Sierra. | | |
| Membros | Infantil | Aurora Darriba Núñez. |
| | 1º ciclo de E.P. | Mª Jesús Castiñeira Losada. |
| | 2º ciclo de E.P. | Almudena Ramudo Pérez. |
| | 3º ciclo de E.P. | José Manuel Cabezudo Moreno. |
| | P.T.<br>P.T.<br>P.T.<br>A.L. | Mª Concepción Arias Neira.<br>Almudena Ramudo Pérez.<br>Alba Trabado Capón. (sustituta: Sabela García Taín).<br>José Ángel Cruzado |

| | | |
|---|---|---|
| | | Iglesias. |
| | Orientadora | Verónica Carreira Sierra. |

### REUNIÓNS:

As reunións do Departamento de Orientación levaranse a cabo semanalmente.

# Plans de actuación.

## PROGRAMA DE APOIO AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE

### Finalidade:

Facilitar a planificación, desenvolvemento e avaliación dunha resposta adaptada ás necesidades e peculiaridades dos grupos e individuos .

### Obxectivos:

- Optimizar os procesos de ensino-aprendizaxe.
- Personalizar a ensinanza.
- Promover a funcionalidade das aprendizaxes.
- Previr dificultades no proceso de aprendizaxe do alumnado.
- Corrixir dificultades no proceso de aprendizaxe daqueles alumnos/as que xa presentan dificultades.
- Dotar ao alumnado de recursos que faciliten o desenvolvemento cognitivo e fomenten a motivación escolar e a valoración do esforzo.
- Inculcar no alumnado hábitos de traballo e estudo que favorezan a aprendizaxe autónoma.

### Criterios e procedementos de avaliación do programa de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe

- Criterios:
  - Grao de satisfacción do alumnado.
  - Grao de satisfacción do profesorado.
  - Mellora dos resultados xerais e individuais do alumnado nas distintas áreas.

- Procedementos:
  - Observación do traballo diario, análise de tarefas, identificación dos coñecementos previos, reunións co profesorado, entrevistas cos pais/nais.

## PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

## Situación xeográfica e sociocultural do centro

O CEIP "VELEIRO DOCAMPO" está situado en Castro de Ribeiras de Lea, un núcleo de poboación pequeno pero en expansión. Castro pertence a parroquia de Ribeiras de Lea (Concello de Castro de Rei). Atópase nun cruzamento de camiños en plena Terra Chá. Ten un polígono industrial con empresas que basean a súa actividade nos produtos da terra. Dispón dunhas excelentes explotacións agrícolas e gandeiras no seu entorno que son a elite da provincia pola seu tamaño e modernidade. O seu mercado gandeiro, segundo na clasificación de Galicia, anima a súa poboación semanalmente ,revitaliza a zona e mobiliza a unha serie de persoas e personaxes de moi diversas condicións que acoden con expectativas diversas .

O número de alumnos/as do colexio é de 225, repartidos nas unidades existentes. Os alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo que hai no centro atópanse integrados en diferentes niveles. Tamén se atopan escolarizados/as en aulas ordinarias dos diferentes ciclos varios alumnos/as con necesidades educativas especiais que requiren de apoio específico dentro e fóra da aula ordinaria.

## Finalidade

O programa de atención á diversidade pretende axeitar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe , motivacións , intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Deste xeito a atención á diversidade rexerase polos principios de normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade , interculturalidade e promoción da convivencia, autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

## Obxectivos:

- Coñecer as necesidades do alumnado para o axuste da resposta educativa, se é o caso, ás máis significativas.
- Desenvolver ao máximo as capacidades do alumnado, partindo sempre da aplicación das medidas menos significativas e chegando, as capacidades do alumnado con necesidade de apoio educativo.
- Dotar aos alumnos/as das habilidades e recursos necesarios para o seu desenvolvemento autónomo e integración social.

## Medidas e modelos organizativos de atención á diversidade

- **Medidas curriculares**

- **Ordinarias**
  - Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
  - Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
  - Metodoloxías baseadas no traballo cooperativo , entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.

- Adaptación dos tempos , instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidades horaria.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- Desdobramento de grupos.

- **Extraordinarias**

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesario informe xustificativo do correspondente servizo de orientación e/ou, segundo proceda, autorización da dirección do centro educativo , do servizo de inspección educativa , da xefatura territorial ou da dirección xeral que corresponda. Estas medidas extraordinarias serán as seguintes:

- Adaptacións curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en pedagoxía terapéutica e/ou audición e linguaxe.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.

- **Modelos organizativos**

- Medidas organizativas dentro da aula.
- Apoios dentro da aula ordinaria.
- Apoios fóra da aula.
- Desdobres.

### Criterios para a atención ao alumnado

- O/a profesor/a de P.T. atenderá aos alumnos/as con desfase curricular e alumnos/as con necesidades especiais.
- O/a profesor/a de A.L. atenderá aos alumnos/as con necesidades de linguaxe expresivo e audición e utilizará todos os recursos que se consideren oportunos para ese traballo.
- Se o profesorado dispón de horas lectivas libres dedicará parte das mesmas á atención dos alumnos e alumnas que así o requiran. Estes apoios serán preferentemente dentro da aula.
- Os grupos de apoio realizaranse segundo as necesidades educativas. Cos alumnos de logopedia a reeducación realizarase individualmente ou en pequeno grupo. Os apoios realizaranse preferentemente dentro da aula, excepto cando as necesidades de intervención ou o rendemento conseguido así o aconsellen. Procurarase dar continuidade aos grupos de traballo establecidos que traballen satisfactoriamente. Traballarase en pequeno grupo cando os obxectivos e contidos a traballar sexan similares.
- Traballarase individualmente nos casos en que , polas súas características , o agrupamento non sexa adecuada: dificultades de atención, especificidade do traballo a realizar, comportamento…. Priorizarase o traballo nas áreas instrumentais. Como norma , os alumnos con necesidades educativas máis importantes recibirán maior número de horas de apoio. A ser posible os apoios realizaranse en horas que non sexan de especialidade. Procurarase, dentro do posible, realizar a atención de xeito regular ao longo da semana.
- A temporalización dos apoios será completamente flexible ao longo do curso en función das necesidades e demandas de atención.

### Recursos

- **Persoais**

- Profesorado dispoñible no centro.
- Departamento de Orientación.
- Equipo de Orientación Específico.

- **Materiais**

- Materiais dispoñibles no centro.

## *Implicación dos diferentes profesionais que colaboran no plan de atención á diversidade*

- **Equipo Directivo**

- Valorar as necesidades educativas do centro e propoñer xunto co Departamento de Orientación a atención ao alumnado.
- Detectar as necesidades de recursos persoais e materiais.
- Coordinarse co Departamento de Orientación.
- Velar polo cumprimento do plan, avaliación e revisión anual.
- Dende Xefatura de Estudos, en coordinación co Departamento de Orientación, propoñeranse os distintos apoios no centro e o calendario de reunións.

- **Comisión de Coordinación Pedagóxica**

- Elaboración e supervisión do Plan de Atención á Diversidade.
- Discusión e aprobación dos horarios de apoio propostos polo Equipo Directivo e o Departamento de Orientación.

- **Claustro**

- Discusión e aprobación do Plan de Atención á Diversidade.

- **Titor/a**

- Detectar as necesidades existentes no alumnado e aplicar as medidas ordinarias necesarias.
- Se non son suficientes , informar aos pais das dificultades , da derivación ao Departamento de Orientación e dos apoios que vai recibir, se é o caso.
- Coordinar o traballo dos distintos profesores que inciden nas ACS.
- Elaborar as ACS en colaboración co profesorado de apoio e o Departamento de Orientación.
- Realizar titorías coa frecuencia que se estime oportuna co alumnado e as súas familias.
- Informar ás familias sobre as decisións de promoción , tomadas coa axuda dos profesores especialistas , o profesorado de apoio e o Departamento de Orientación.
- Controlar que estea no expediente do alumno/a a documentación necesaria.

- **A.L. e P.T.**

- Colaborar na elaboración das ACS e material de reforzo co profesor/a titor/a e asesorados polo Departamento de Orientación.
- Asistir ás reunións que se determinen , así como ás de avaliación para achegar información dos alumnos /as cos que traballan.
- Atender directamente ao alumnado que se determine e no xeito que se considere oportuno.

- Coordinarse co Departamento de Orientación e cos titores/as no traballo a realizar co alumnado.
- O /a profesor/a de A.L. colaborará co profesorado de E. Infantil para fomentar a estimulación da linguaxe con carácter preventivo , sempre en función das posibilidades horarias.
- O/a mestre/a de A.L. realizará a valoración das necesidades educativas dos alumnos/as relacionadas coa comunicación e a linguaxe.
- Colaborar co profesor/a- titor/a na relación coas familias.

  - **Profesorado con horas dedicadas a apoio**

- Asistir ás reunións que se determinen , así como ás de avaliación para achegar información en relación cos alumnos/as obxecto de apoio.
- Atender directamente aos alumnos/as que se determine e do xeito que se considere oportuno.

  - **Departamento de Orientación**

- Realizar a avaliación psicopedagóxica, en función das demandas realizadas a través do Equipo Directivo e tras esgotar as medidas ordinarias de atención á diversidade.
- Efectuar a orientación sobre o xeito de traballo cos alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo e os recursos persoais e materiais necesarios.
- Asesorar na elaboración das adaptacións curriculares e as medidas de reforzo educativo necesarias.
- Coordinar a actuación con outros servizos sociais e sanitarios que incidan no alumno/a.
- Informar ás familias dos resultados da avaliación psicopedagóxica , así como das orientacións oportunas.
- Apoiar as actuacións que se realicen en relación con becas e axudas.

## Avaliación psicopedagóxica

Levarase a cabo segundo o establecido na orde de 31 de outubro de 1996(DOG 19-12-96) pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización

O procedemento a realizar para a Avaliación Psicopedagóxica será o seguinte:

- Demanda a través da Xefatura de Estudos.
- Cumprimentación da folla de demanda por parte do profesor/a titor/a.
- Autorización dos pais/nais titor/a legal: o titor/a informará aos pais/nais das dificultades detectadas e solicitará a autorización , mediante sinatura, para a exploración psicopedagóxica .No caso de non autorizar os pais/nais a exploración directa , non se realizará a avaliación psicopedagóxica nin os apoios pertinentes, aínda que si se poderán suxerir indicacións ao titor/a.
- Entrevista inicial co titor/a e outros profesionais implicados para obter información sobre a problemática do alumno/a.

- Observación do alumno/a nos distintos contextos escolares.
- Exploración individual do alumno/a.
- Concreción co profesorado implicado das posibles adaptacións a realizar co alumnado e seguimento do caso.
- Entrevista familiar inicial nos casos que o precisen.

Este proceso é flexible, podendo adaptarse ás características de cada caso. A información recollida nos informes psicopedagóxicos ten carácter confidencial. Por outra banda os datos reflectidos non son absolutos nin permanentes xa que están referidos a un momento e situación concreta dentro do proceso evolutivo do neno/a. Finalmente aclarar que , no casos de que algún pai/nai non autorizase a intervención do Departamento de Orientación e as posibles medidas educativas que puideran adoptarse deberá asinar o non consentimento.

## Información e implicación das familias

O procedemento ordinario de información ás familias son os informes trimestrais de avaliación. Ademais os titores/as programarán cantas reunións informativas sexan necesarias cos pais/nais do alumnado e recibiraos cando así o soliciten.

Procurarase conseguir a colaboración das familias para reforzar aqueles aspectos que se consideren necesarios para unificar as actuacións educativas entre o centro e a familia. Ademais as familias poden concretar entrevistas co Xefe do Departamento de Orientación para tratar calquera tema referido ao desenvolvemento educativo dos seus fillos e fillas.

## Actuacións que se realizan co alumnado

- **Accións dirixidas a todo o alumnado.**

  Avaliación inicial, especialmente dos alumnos/as de nova incorporación ao centro, análise da documentación do alumnado, etc .Os criterios para determinar os alumnos /as e as medidas a empregar, en base ás necesidades detectadas, serán os seguintes:

- Alumnado que posúe Informe de Avaliación Psicopedagóxica no que se recolla a necesidade de algún tipo de medidas de atención individualizada.
- Alumnado que accede ao seguinte curso sen ter superadas as áreas instrumentais básicas.
- Alumnado que tivo e continúa necesitando medidas de axuda.
- Alumnado con atraso xeneralizado nas aprendizaxes.
- Probas de avaliación final das materias instrumentais aos alumnos/as de 6º preto do remate do curso.

- **Accións dirixidas a alumnos /as concretos**

Dos casos priorizados levarase a cabo unha reunión na que tomarán parte o Titor/a, profesorado das áreas involucradas, Xefe de Estudos, profesora de P.T. e Orientador, para a toma de decisións axeitada a cada caso concreto: RE, APOIO, ACS. A aplicación destas medidas terá un carácter flexible e revisable a petición do profesorado involucrado e /ou dos pais/nais.

## Criterios e procedementos de avaliación do Plan de Atención á Diversidade

- **Criterios:**

- Axuste da resposta educativa a cada necesidade.
- Mellora do desenvolvemento xeral do alumnado.
- Mellora dos resultados acadados polo alumnado en relación co seu punto de partida.
- Grao de implicación do profesorado.
- Grao de satisfacción do alumnado, pais e profesorado.

- **Procedementos:**

- Análise de tarefas, observación do traballo diario, probas axustadas a cada alumno/a que permitan detectar avances en relación co punto de partida de cada quen, reunións co profesorado implicado, entrevistas cos pais/nais.

## PROGRAMA DE CONVIVENCIA E EDUCACIÓN EN VALORES.

Entendemos a convivencia escolar como parte da aprendizaxe, ademais de ser o obxectivo da educación e a finalidade en si mesma.
Pretendemos implicar a todos os sectores da comunidade educativa: profesorado, familias, alumnado, persoal non docente... para a súa aplicación, difusión e seguimento, desenvolvendo iniciativas encamiñadas a evitar a discriminación do alumnado, facendo fincapé no respeto mutuo e nas normas de convivencia, establecendo plans de acción positiva para garantir a integración de todos e todas

A necesidade deste Plan de Covivencia basease na idea de que este proceso non pode entenderse como un conxunto de accións puntuais e independentes senón que deben vertebrarse todas as actuacións con todos os sectores da Comunidade Educativa.

Este Plan de Convivencia forma parte do Proxecto Educativo de Centro e trata de ser coherente co resto dos seus elementos. De feito, trata de concretar liñas de actuación referidas nos seguintes documentos institucionais:

- Plan de acción titorial.
- Plan de atención a diversidade.
- Plan de acollida.
- Plan de orientación.
- Normas de organización e funcionamento.

**Características do alumnado do centro**

Ao centro asisten máis de douscentos alumnos. A súa distribución en grupo queda reflexada cada ano na Programación Xeral Anual. Nos últimos anos apreciase unha pequena pero crecente tendencia ao aumento de matricula.

**Características das familias do alumnado do centro**

O nivel económico que corresponde a unha boa parte das familias do alumnado deste CEIP podémolo encadrar dentro dos parámetros da clase media.

Moita da poboación traballa no sector primario (agricultura e gandeiría). Así mesmo hai unha alta porcentaxe empregada no sector industrial e construción. O sector servizos tamén ten unha grande importancia.

**Detalle da situación e clima de convivencia e disciplina que se vive nas aulas e no centro**.

A situación actual da convivencia no centro é boa e satisfactoria. De xeito xeral non se detectan problemas graves de convivencia. Os problemas nestas idades non son causantes de grandes dificultades nas relacións interpersoais. Nembargantes consideramos moi importantes detectalos e corrixilos dende o principio porque é mais sinxelo que en etapas posteriores

**Nivel de cumprimento das normas recollidas no centro ou aulas.**

Con carácter xeral o cumprimento das normas é boa, aínda que sempre hai casos puntuais e aillados.

**Grao de coordinación na Convivencia Escolar no centro.**

Podemos indicar que o grao de coordinación do profesorado é bo.

**Actitude persoal ante os conflitos:**

Hai unha actitude colaboradora, intentase canalizar a enerxía en buscar solucións

**Necesidades de formación e recursos:**

O profesorado é consciente da necesidade de formación para enfrontarse con eficacia ás novas formas e estilos que esixe a educación de hoxe, e dar resposta á situación de diversidade nas aulas: descoñecemento de linguas, resolución de conflitos, benestar emocional...

É por este motivo que unha liña do Plan de Formación do Profesorado versará na convivencia positiva, coeducación e benestar emocional.

**Obxectivos para o presente curso:**
As actuacións recollidas no Plan de Convivencia deben favorecer obxectivos educativos estimulando cambios en todos os aspectos do individuo.

**O Plan de Convivencia, márcase os seguintes obxectivos:**

a) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar e sobre os procedementos para mellorala.
b) Formar ao profesorado na adquisición de estratexias e dinámicas para a mellora da convivencia e a coeducación.
c) Mellorar a convivencia e benestar emocional na comunidade educativa.
d) Consolidar a convivencia positiva e o coidado do equilibrio equilibrio e benestar emocional.
e) Transmitir a tolerancia cero contra a violencia de xénero e a LGTBIfobia.
f) Reforzar as ferramentas de prevención, provención e detección contra o acoso e ciberacoso escolar.
g) Impulsar a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.

Todos os nosos obxectivos dentro do Plan de Convivencia están en relación co cumprimento dos DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO. As normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares da aula, concretan neste Plan, e segundo elas, precísanse as medidas preventivas e as correccións ou medidas disciplinarias que se aplicarían no caso de que se detecte o incumprimento das devanditas normas.

Os Dereitos e Deberes dos alumnos terán como marco xeral e de referencia a lexislación vixente ao respecto en cada momento, independentemente dos dereitos e deberes constitucionais, da ONU, civís e penais, e outros legalmente establecidos.

Todos os alumnos e alumnas teñen os mesmos dereitos e deberes. O seu exercicio e cumprimento adecuarase á súa idade e ás características das ensinanzas que atopen cursando.

**A comisión de convivencia**

Segundo o DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar:

1. A comisión de convivencia de co centro constitúese no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar...

2. A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos. Será presidida polo/la director/a.

3. A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes **funcións:**

a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa.seguimento do citado plan.

b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.

d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflictan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo Consello Escolar...

**A ORDE do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia** ten por obxecto establecer a figura da

persoa que exercerá a **coordinación de benestar e convivencia** nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia**.**

**Funcións da persoa coordinadora de benestar e convivencia**

1. A persoa coordinadora de benestar e convivencia actuará baixo a supervisión da persosa que exerza a dirección do centro docente.

2. As funcións da persoa coordinadora de benestar e convivencia son as seguintes:

a) En coordinación co equipo directivo:

– Coordinar o plan de convivencia e colaborar na súa dinamización xunto coa comisión de convivencia do centro.

– Fomentar o uso de métodos alternativos de resolución pacífica dos conflitos entre o persoal do centro e o alumnado, para o cal velará, entre outras accións, pola incorporación e tratamento no plan de acción titorial de contidos relacionados coas habilidades sociais,a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e as dinámicas de grupo.

– Identificarse ante o alumnado, ante o persoal do centro educativo e, en xeral, ante a comunidade educativa, como principal referente das comunicacións relacionadas con po- sibles casos de violencia no propio centro ou na súa contorna.

– Informar o persoal do centro sobre os protocolos de prevención e protección de calquera forma de violencia existente na súa localidade ou na súa comunidade autónoma.

– Promover, en situacións que supoñan un risco para a seguridade das persoas menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo ás forzas e corpos de seguridade do Estado.

– Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e adolescencia, dirixidos tanto ao persoal que traballa nos centros educativos como ao alumnado e ás súas familias ou ás persoas titoras legais, con especial atención ao persoal do centro que actúa como titoras e titores, e á adquisición, por parte do alumnado, de habilidades para detectar e responder a situacións de violencia.

– Promover no centro docente unha alimentación saudable e nutritiva que permita ao alumnado, especialmente ao máis vulnerable, ter unha alimentación equilibrada.

– Promover, en situacións que poidan implicar un tratamento ilegal de datos persoais das persoas de menores de idade, a comunicación inmediata por parte do centro educativo, con coñecemento da persoa delegada de protección de datos da consellería con competencias en materia de educación, á Axencia Española de Protección de Datos.

b) En coordinación co departamento de orientación:

– Promover medidas que garantan o máximo benestar da infancia e da adolescencia, así como a cultura do bo trato, coordinando actuacións, que se realizarán no centro e desde a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, negociación e diálogo e cultura de paz.
– Colaborar no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores de detección de dificultades de convivencia e de relación.
– Fomentar o respecto polo alumnado con discapacidade ou calquera outra circunstancia de especial vulnerabilidade ou diversidade.
– Coordinar, de acordo cos protocolos establecidos, os casos que requiran intervención por parte dos servizos sociais competentes, debendo comunicalo ás autoridades correspondentes, se se valora necesario, e sen prexuízo do deber de comunicación nos casos legalmente previstos.
– Promover a participación das familias informándoas e asesorándoas, en especial no relacionado coa convivencia democrática e o benestar.
c) En coordinación coas asociacións de nais e de pais:
– Promover plans de formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia, dirixidos ás persoas proxenitoras e a quen exerza función de tutela, garda ou acollemento.

**Segundo o recollido no Plan de Convivencia e en base ao tratado na Comisión de Convivencia as actividades que realizaremos este ano serán:**

- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres.
- Actividades dirixidas á sensibilización para favorecer a identificación de manifestacións de acoso e ciberacoso.
- Actividades dirixidas ao fomento da educación na diversidade.
- Actividades relacionadas co desenvolvemento benestar emocional na comunidade educativa.
- Actividades dirixidas ao persoal docente de adquisición de competencias para xestionar e mellorar a convivencia e o clima escolar.

**Metodoloxías didácticas no centro:**

- Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa, incluída a formación co obxectivo de mellorar a convivencia escolar o benestar emocional e a resolución pacifica de conflitos.

- Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia, incluíndo a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá.
- Medidas no centro para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos que poidan xurdir, entre as cales se incluirán os compromisos de convivencia
- Visionado de videos de valores coas correspondentes dinánmicas,
- Celebracións como o Día da Paz, Dereitos da Infancia, Igualdade, diferentes discapacidades

**Recursos:**

Contamos con recursos ao noso alcance tanto para a formación en aspectos de convivencia como para o asesoramento en caso de consideralo necesario.

- Formación do profesorado con actividades relacionadas coa convivencia escolar
- Grupos de traballo
- Bibliografía sobre a convivencia
- Banco de recursos en materia de convivencia e clima escolar
- Asesoramento de servizos externos ao centro: Inspección educativa, servizos sociais...

**Actividades con outras institucións:**

- Plan director para a convivencia e a mellora da seguridade no centro educativo realizaremos os seguintes obradoiros:

  - Acoso e ciberacoso (Alumnado do terceiro ciclo de Educación Primaria)
  - Violencia sobre a muller /Alumnado do terceiro ciclo de Educación Primaria)

- Charlas:
- Uso responsable das TRICs (Alumnado de 4º de Educación Primaria).
- Autoestima (Alumnado de 5º de Educación Primaria).
-Coeducación afectivo-sexual (Alumnado de 5º de Educación Primaria).
- Coeducación afectivo-sexual (Alumnado de 6º de Educación Primaria).
- Uso responsable das TRICs (Alumnado de 6º de Educación Primaria).

## PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.

### INTRODUCIÓN

A Educación Infantil e a Educación Primaria constitúen etapas educativas básicas para o desenvolvemento persoal e educativo do alumnado. Estas ensinanzas contribúen á adquisición de hábitos e valores fundamentais para unha axeitada socialización, ao desenvolvemento de capacidades que potencian a autonomía persoal e ao logro de competencias básicas para o desenvolvemento persoal e a preparación do alumnado para afrontar etapas educativas posteriores e aprendizaxes máis complexas.

A orientación e a acción titorial forman parte da función docente, tendo como metas orientar ao alumnado no seu proceso de aprendizaxe e desenvolvemento persoal, coordinar a acción educativa e o proceso de avaliación levados a cabo polo conxunto do profesorado de cada equipo docente, establecer relacións fluídas e mecanismos de coordinación coas familias do alumnado, e contribuír á prevención e identificación temperá das dificultades de aprendizaxe, coordinando a posta en marcha das medidas educativas pertinentes tan pronto como estas se detecten.

O Plan de Orientación e Acción Titorial constitúe o instrumento pedagóxico-didáctico que articula a medio e longo prazo o conxunto de actuacións dos equipos docentes e do centro educativo no seu conxunto, relacionado coa orientación e a acción titorial tanto do alumnado coma das súas familias.

## FINALIDADES DA ORIENTACIÓN E ACCIÓN TITORIAL

- Favorecer a adaptación do alumnado ao contexto escolar e a integración deste no grupo de clase.
- Realizar un seguimento personalizado do proceso de aprendizaxe do alumnado, facendo especial fincapé na prevención e, no seu caso, detección temperá das dificultades na aprendizaxe, e promovendo as medidas correctoras oportunas tan pronto como as devanditas dificultades aparezan.
- Potenciar o desenvolvemento de hábitos básicos de autonomía, así como a adquisición de aprendizaxes instrumentais básicas, estratexias de aprendizaxe e técnicas de traballo intelectual.
- Contribuír á equidade na educación, potenciando a compensación de desigualdades e a inclusión social.
- Impulsar medidas organizativas e curriculares que posibiliten a atención á diversidade do conxunto do alumnado do centro, así como a inclusión educativa e a integración escolar do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Iniciar a adquisición de habilidades e coñecementos que favorezan a posterior toma de decisións.
- Establecer vínculos de colaboración e cooperación entre o centro, as familias do alumnado e o contorno.
- Facilitar a socialización, a adaptación escolar e a transición entre etapas educativas do conxunto do alumnado.

Ademais do anterior, a Orientación e a Acción Titorial xogará un papel fundamental na promoción da Cultura de Paz e na mellora da convivencia no centro, a través do papel mediador do titor ou titora na resolución pacífica dos conflitos.

## FUNCIÓNS DO PROFESORADO EN RELACIÓN COA TITORÍA E A ORIENTACIÓN

- Coñecer as aptitudes e intereses de cada alumno ou alumna, co obxecto de orientalo no seu proceso de aprendizaxe e na toma de decisións persoais e académicas.

- Coordinar a intervención educativa de todos os profesores e profesoras que compoñen o equipo docente dun grupo de alumnos e alumnas.
- Garantir a coordinación das actividades de ensino e aprendizaxe que se propoñan ao alumnado ao seu cargo.
- Organizar e presidir as reunións do equipo docente e as sesións de avaliación do seu grupo de alumnos e alumnas.
- Coordinar o proceso de avaliación continua do alumnado e adoptar, xunto co equipo docente, as decisións que procedan acerca da avaliación e promoción do alumnado, de acordo cos criterios que, ao respecto, estableza por Orde a Consellaría competente en materia de educación.
- Cumprir a documentación académica do alumnado ao seu cargo.
- Recoller a opinión do alumnado ao seu cargo sobre o proceso de ensino e aprendizaxe desenvolvida nas distintas áreas que conforman o currículo.
- Informar o alumnado sobre o desenvolvemento da súa aprendizaxe, así como os seus pais, nais ou titores legais.
- Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado do equipo docente e os pais, nais ou titores do alumnado.
- Manter unha relación permanente cos pais, nais ou titores do alumnado, co fin de facilitar o exercicio dos dereitos recoñecidos nas letras d) e g) do artigo cuarto, apartado 1, da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación.
- Cantas outras estableza a Consellaría competente en materia de educación ou se inclúan no presente plan de Orientación e Acción Titorial do centro.
- Levar a cabo o seguimento global do alumnado do grupo, establecendo as medidas necesarias para mellorar a súa aprendizaxe, de acordo co proxecto educativo do centro.
- Realizar de xeito colexiado a avaliación do alumnado, de acordo coa normativa vixente e co proxecto educativo do centro, e adoptar as decisións que correspondan en materia de promoción.
- Colaborar para previr os problemas de aprendizaxe que puidesen presentarse e compartir toda a información que sexa necesaria para traballar de xeito coordinado no cumprimento das súas funcións.
- Cantas outras estableza a Consellaría competente en materia de educación ou se determine no Plan de Orientación e Acción Titorial do centro.

O alumnado de cada grupo de Educación Infantil e Primaria terá un mestre titor ou mestra titora que coordinará as ensinanzas impartidas no devandito grupo e que exercerá a dirección e a orientación da aprendizaxe do alumnado e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.

A designación de titores e titoras levarase a cabo de conformidade co establecido na normativa vixente sobre organización e funcionamento dos centros.

O mestre/a titor/a será responsable dun grupo de alumnos e alumnas, e sobre eles debe exercer a súa acción titorial, encamiñada a axudalos para que se coñezan e se acepten a si mesmos e ao mundo que os rodea, para que alcancen unha maior eficacia intelectual, profesional e persoal, e para que se relacionen máis satisfactoriamente consigo mesmo e cos demais.

Pero ademais desta relación co alumnado, o titor ou a titora, como punto de articulación entre todos os eixes do sistema educativo, terán que establecer tamén contactos coa área institucional e familiar.

Así pois, a actuación titorial é moi variada, pois abrangue practicamente todas as facetas e actividades da vida escolar, xunto coas da realidade persoal e social relacionadas con elas:

- **Psicosocial:** Coñecer as necesidades, motivacións, aprendizaxes, relacións cos compañeiros e compañeiras, capacidade de integración, etc., dos alumnos, para darlles resposta.
- **Dinámico-grupal:** Coñecer e practicar as leis e o funcionamento do grupo.
- **Institucional:** Coñecer e asumir os obxectivos da comunidade educativa á que representa.
- **Familiar:** Facilitar o contacto permanente entre familia e escola.

## OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO EN RELACIÓN COA ORIENTACIÓN E A ACCIÓN TITORIAL

A acción titorial é unha tarefa colexiada exercida polo equipo docente de cada grupo de alumnos e alumnas. Cada grupo terá un profesor ou profesora titor que coordinará as ensinanzas e a acción titorial do equipo docente correspondente con respecto a todos os elementos que interveñen no proceso educativo e baseándose nos obxectivos xerais seguintes, que son comúns para todos os grupos de alumnos do centro:

- **En relación con cada un dos alumnos e alumnas**

  - Coñecer os seus antecedentes académicos e características diferenciais persoais.
  - Afondar no coñecemento dos seus trazos de personalidade (aptitudes, intereses, motivacións, etc.).
  - Favorecer no alumno o coñecemento de si mesmo e iniciar a adquisición de habilidades e coñecementos que favorezan a posterior toma de decisións.
  - Realizar un seguimento personalizado do proceso de aprendizaxe do alumnado, facendo especial fincapé na prevención e, no seu caso, detección temperá das dificultades na aprendizaxe, e promovendo as medidas correctoras oportunas tan pronto como as devanditas dificultades aparezan.
  - Favorecer a adaptación do alumnado ao contexto escolar e a integración deste no grupo clase, contribuíndo á mellora das súas relacións co grupo, o docente, a familia, etc., e facilitando a transición entre etapas educativas do conxunto do alumnado.
  - Potenciar o desenvolvemento de hábitos básicos de autonomía, así como a adquisición de aprendizaxes instrumentais básicas, estratexias de aprendizaxe e técnicas de traballo intelectual.
  - Impulsar medidas organizativas e curriculares que posibiliten a atención á diversidade do conxunto do alumnado do centro, así como a inclusión educativa e a integración escolar do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
  - Realizar as tarefas burocráticas oportunas (expedientes, cualificacións, informes, etc.).

- **En relación co grupo de alumnos e alumnas**

- Aplicar a teoría científica para a formación dos grupos máis convenientes.
- Informar aos grupos sobre o funcionamento do centro, sobre as normas da clase e sobre o propio labor titorial.
- Coñecer o contexto económico e sociocultural do grupo.
- Desenvolver actitudes cooperativas e participativas de diálogo, reflexión e tolerancia no seu contorno, potenciando a compensación de desigualdades e a inclusión social.
- Promover a Cultura de Paz e a mellora da convivencia no centro, a través do papel mediador do titor ou titora na resolución pacífica dos conflitos.
- Coordinar suxestións, propostas e actividades escolares e extraescolares do grupo.

    - **En relación co equipo docente**

        - Coordinar a información que os docentes teñen sobre os alumnos e as alumnas e o grupo.
        - Coordinar o proceso avaliador dos alumnos.
        - Asesorar sobre a aplicación dos criterios establecidos para a toma de decisión sobre a promoción do alumnado dun ciclo a outro.
        - Colaborar cos equipos de orientación do centro e da zona.
        - Coñecer a programación, a metodoloxía e os obxectivos de cada área.

    - **En relación coas familias**

        - Establecer relacións fluídas coas familias para facilitar a coordinación co centro.
        - Implicar os pais e as nais en actividades de apoio á aprendizaxe e a orientación dos seus fillos e fillas.
        - Informar os pais e as nais de todos aqueles asuntos que afecten á educación dos seus fillos e fillas.
        - Mediar, con coñecemento de causa, en posibles situacións de conflito e informar a familia.

- **En relación co centro**

    - Participar na elaboración dos obxectivos educativos do centro e asumilos.
    - Actuar como voceiro do grupo nas xuntas de avaliación.
    - Colaborar con aquelas entidades que interveñan, facilitando a atención aos alumnos e alumnas.

    - Manter contactos periódicos cos equipos de orientación do centro e da zona.

## PROGRAMAS A DESENVOLVER PARA O LOGRO DOS OBXECTIVOS XERAIS

- OBXECTIVOS

- Adquirir valores de cooperación, convivencia e solidariedade, propios dunha sociedade democrática, concibindo o diálogo como ferramenta fundamental para a resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver progresivamente un axeitado coñecemento e valoración de si mesmo, adquirindo unha imaxe positiva sobre as súas propias posibilidades e capacidades.
- Tomar conciencia dos propios sentimentos e emocións, desenvolvendo habilidades de control e de autorregulación.
- Adquirir as habilidades sociais necesarias para relacionarse, expresar os propios sentimentos e ideas, cooperar e traballar en equipo.
- Adquirir hábitos de vida saudable, aprendendo a valorar a incidencia das propias accións e hábitos de vida sobre a saúde individual e colectiva.
- Promover un consumo responsable, respectuoso coa conservación e mellora do medio.
- Afianzar e reforzar o conxunto de capacidades, competencias, hábitos e actitudes necesarias para a mellora do rendemento académico.
- Achegar o alumnado ao coñecemento das distintas profesións, concienciándoo sobre a relevancia da dimensión laboral sobre o propio proxecto vital.
- Afianzar no alumnado unha serie de competencias laborais fundamentais tamén no contorno escolar, tales como a responsabilidade, a perseveranza, a toma de decisións, a resolución de problemas, o traballo en equipo.
- Respectar a diversidade de características persoais, crenzas, opinións, culturas e formas de vida, desenvolvendo actitudes comprometidas e solidarias cos menos favorecidos.
- Educar na igualdade de oportunidades entre homes e mulleres como un dereito irrenunciable nos diferentes contornos vitais.

## CONTIDOS

- Desenvolvemento persoal e social:
  - Autoconcepto e autoestima.
  - Educación emocional.
  - Habilidades e competencias sociais.
  - Hábitos de vida saudable.
  - Educación afectiva e sexual e coeducación.
  - Educación ambiental e para o consumo.
  - Uso racional e crítico das tecnoloxías da información e da comunicación.
  - Aprendizaxe dunha cidadanía democrática.
  - Educación para a paz e para a resolución pacífica de conflitos.
  - Utilización do tempo libre.
- Prevención das dificultades no proceso de ensino e aprendizaxe:
  - Comprensión lectora e hábito lector.
  - Programas específicos para a mellora de capacidades ou competencias básicas.
  - Mellora da motivación e reforzo do interese.
  - Apoio á aprendizaxe de hábitos e técnicas de estudo.
- Orientación académica e profesional:
  - Exploración dos propios intereses.
  - Coñecemento do sistema educativo e achegamento ao mundo das profesións.
  - Educación na igualdade de xénero para a futura elección de estudos e profesións.
  - Iniciación á toma de decisións.

## ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

- *Programa de actividades titoriais que desenvolverá o profesorado en cada ciclo.*

  - Programas de actividades que se desenvolverán durante todo o curso:

*Actividades:*

AUTONOMÍA PERSOAL /RESPONSABILIDADE

| EDUCACIÓN INFANTIL | | |
|---|---|---|
| OBXECTIVOS | AVALIACIÓN | ESTRATEXIAS DO PROFESORADO |
| Responsabilidade no coidado do material escolar. Coidar a roupa, colgar o abrigo nas perchas. | Revisión sistemática. | Explicar as tarefas, a súa utilidade e recordalas sistematicamente.<br>Establecer un tempo para realizalas.<br>Organizar a aula para facilitar a súa execución.<br>Enxalzar o traballo ben feito. |
| Coñecer os horarios dos momentos principias do día. | Preguntar ao alumno/a e rexistro. | Poñer o horario dos momentos principais en debuxos e á vista. |
| Responsabilidade na utilización do espazo: entrar e saír de clase correctamente. Manter limpos o patio e a aula. Xogar na zona do patio asignada. | Observación e rexistro. | |
| Autonomía: transmitir mensaxes orais e escritas. Formular demandas de necesidades básicas: ir ao servizo, encontrarse mal.... | Observación e rexistro. | Dar consignas e suxerir ideas.<br>Dar oportunidade, inducir aos alumnos /as a que expresen as súas demandas.<br>Ter un reloxo e calendario grande na clase. |

| PRIMEIRO E SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA | | |
|---|---|---|
| OBXECTIVOS | AVALIACIÓN | ESTRATEXIAS DO PROFESORADO |
| Responsabilidade no coidado das súas cousas:coidar e ordenar a carteira e o material escolar.Coidar a roupa , colgar o abrigo nas perchas | Revisión sistemática | Explicar as tarefas, a súa utilidade e recordalas sistematicamente.<br>Establecer un tempo para realizalas.<br>Organizar a aula para facilitar a súa execución.Enxalzar o |

| | | |
|---|---|---|
| | | traballo ben feito. |
| Responsabilidade na organización do tempo:Coñecer os horarios dos momentos principais do día.Anticipar as actividades máis destacadas da semana.Utilizar os servizos nos tempos establecidos. | Preguntar ao alumno/a e rexistro. | Anticipar as actividades máis importantes na vida diaria do colexio.<br>Poñer o horario á vista. |
| Responsabilidade na utilización do espazo: entrar e saír da clase correctamente.Manter limpos o patio e a aula. Xogar na zona do patio asignada. | Observación e rexistro | |
| Autonomía: transmitir mensaxes escritas e orais.Formular demandas de necesidades básicas: ir ao servizo, encontrarse mal….. | Observación e rexistro | Dar consignas e suxerir ideas.<br>Controlar o curso das mensaxes.<br>Dar oportunidade, inducir aos alumnos/as , a que expresen as súas demandas.<br>Ter un reloxo e calendario grande na clase. |

| TERCEIRO E CUARTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA | | |
|---|---|---|
| OBXECTIVOS | AVALIACIÓN | ESTRATEXIAS DO PROFESORADO |
| Responsabilidade no coidado das cousas.<br>Uso do dicionario, libros de consulta…..<br>Dispoñer dos materiais e preparar as actividades sen que haxa que recordarllo.<br>Manter unha postura correcta ao traballar. | Observación e rexistro. | Favorecer un clima de seguridade e comunicación na aula.<br>Establecer un tempo e suxerir ideas para realizar as tarefas.<br>Resaltar os aspectos positivos e o traballo ben feito.<br>Facilitar o acceso aos materiais e espazos. |
| Responsabilidade na organización do tempo.<br>Ter axenda para anotar os deberes , actividades, notas e controles. | Revisión de axendas unha vez por semana. | Avisar e realizar controis de axendas. |
| Autonomía: adquirir estratexias de planificación do traballo. Tomar conciencia da súa situación en canto a hixiene e saúde: horario de sono, limpeza, alimentación. Suxerir ou propoñer actividades ou cambios dentro da vida escolar. | Formular cuestionarios sobre hábitos de hixiene, saúde e alimentación.<br><br>Asemblea. | Dar pautas de traballo.<br>Tratar temas transversais sobre saúde, alimentación e hixiene.<br>Propoñer aspectos da organización do centro nos que se podan achegar ideas. |

| QUINTO E SEXTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA | | |
|---|---|---|
| OBXECTIVOS | AVALIACIÓN | ESTRATEXIAS DO PROFESORADO |
| Responsabilidade no coidado das | Observación e control do traballo . | Dar pautas de traballo. |

| | | |
|---|---|---|
| súas cousas.<br>Pedir axuda e buscar información.<br>Terminar as tarefas por si mesmo.<br>Responsabilidade na organización do tempo: planificar e levar a cabo o horario escolar.<br>Autonomía: participar na organización da vida escolar. Ser autónomos no aspecto da hixiene persoal. | Revisión coa familia do alumno/a.<br>Asemblea.<br>Revisión periódica. | Fomentar os traballos de investigación e busca.<br>Axudar na elaboración do horario extraescolar e recordar a necesidade do seu cumprimento.<br>Recordar normas sobre hixiene, alimentación e saúde.<br>Propoñer actividades que motiven a súa participación.<br>Favorecer a vida en comunidade. |

RESPONSABILIDADE CO GRUPO.

| EDUCACIÓN INFANTIL | | |
|---|---|---|
| OBXECTIVOS | AVALIACIÓN | ESTRATEXIAS DO PROFESORADO |
| Denominación: encargado/a.<br><br>Tarefas do encargado/a, aplicando as normas sanitarias marcadas polo Covid:<br><br>Repartir o material.<br>Ordenar a biblioteca de aula.<br>Coidar as plantas e os animais se os houbese.<br>Ordenar xogos e xoguetes. | Designado polo titor/a.<br><br>Revisión semanal do desempeño das tarefas e designación dos novos encargados/as. | Explicar detidamente as tarefas e a súa utilidade antes de repartilas.<br><br>Axudar nos primeiros momentos aos encargados/as das tarefas.<br><br>Sistematizar as revisións.<br><br>Enxalzar o traballo ben feito e , no seu caso, suxerir melloras.<br><br>Ter os nomes dos encargados/as á vista. |

| PRIMEIRO E SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA | | |
|---|---|---|
| OBXECTIVOS | AVALIACIÓN | ESTRATEXIAS DO PROFESORADO |
| Denominación: encargado/a.<br><br>Tarefas do encargado/a, aplicando as normas sanitarias marcadas polo Covid:<br><br>Repartir o material.<br>Ordenar a biblioteca de aula.<br>Coidar as plantas e os animais se os houbese.<br>Ordenar xogos e xoguetes.<br>Poñer a data no taboleiro.<br>Coidar a orde no grupo de traballo.<br>Axudar aos alumnos/as novos. | Designado polo titor/a.<br><br>Revisión semanal do desempeño das tarefas e designación dos novos encargados/as. | Explicar detidamente as tarefas e a súa utilidade antes de repartilas.<br><br>Axudar nos primeiros momentos aos encargados/as das tarefas.<br><br>Sistematizar as revisións.<br><br>Enxalzar o traballo ben feito e , no seu caso, suxerir melloras.<br><br>Ter o nome dos encargados/as á vista. |

| TERCEIRO E CUARTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA | | |
|---|---|---|
| OBXECTIVOS | AVALIACIÓN | ESTRATEXIAS DO PROFESORADO |
| Denominación: responsable.<br><br>Tarefas do responsable, aplicando as normas sanitarias marcadas polo Covid: As citadas para o primeiro ciclo.Ademais ,facer de portavoz ante o titor/a dos problemas ou suxestións da clase. | Designado polo titor/a .<br><br>Revisión semanal do desempeño das tarefas e designación de novos/as responsables. | Igual que no primeiro ciclo. Ademais ,recoller as suxestións do grupo para incorporalas , se procede, ás normas da clase.<br><br>Fomentar a crítica positiva. |

| QUINTO E SEXTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA | | |
|---|---|---|
| OBXECTIVOS | AVALIACIÓN | ESTRATEXIAS DO PROFESORADO |
| Denominación: delegado/a<br><br>Tarefas do delegado/a, aplicando as normas sanitarias marcadas polo Covid:<br><br>Representar aos alumnos/as da clase.<br>Recoller e transmitir as suxestións do grupo.<br>Levar o quenda de palabra nas asembleas e recoller as propostas e os acordos.<br>Informar aos alumnos/as que faltaron a clase dos deberes, tarefas ou outras cuestións que se produciran na súa ausencia.<br><br>Denominación : responsable.<br>Tarefas do/a responsable: as mesmas que no segundo ciclo. | Delegado/a:<br><br>Elixirase mediante votación na que todos os alumnos/as son candidatos/as.<br><br>Trimestralmente valorarase a actuación do delegado/a e, se procede, renovarase o cargo.<br><br>Responsable:<br><br>Designación polo titor/a.<br><br>Quincenalmente recolleranse propostas de mellora e , se é o caso, designarase ao novo/a responsable. | Ademais dos citados nos ciclos anteriores:<br>Traballar o perfil e funcións do delegado/a antes da súa elección |

RELACIÓNS SOCIAIS /TOLERANCIA

| INFANTIL | | | |
|---|---|---|---|
| OBXECTIVOS | AVALIACIÓN | ESTRATEXIAS DO PROFESORADO | ACTIVIDADES |
| Habilidades básicas de contacto, inicio:<br>Saudar, contacto visual e actitude de atender.<br>Presentarse<br>Pedir permiso para..<br>Solicitar as cousas por | Observación directa | Aproveitar os momentos puntuais para recordar os obxectivos perseguidos.<br><br>Encouzar as diferenzas. | Falar con alguén de costas e reflexionar sobre o sentimento que ocasiona.<br><br>Usar xogos e contos. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| favor. Dicir grazas. Dirixirse aos adultos sen esixencias e con respecto.<br><br>Habilidades básicas de interacción e tolerancia:<br>Saber compartir. Aprender a dialogar respectando a quenda de palabra. Respectar as diferenzas fisiolóxicas e culturais.Ter unha actitude positiva | | Resaltar os aspectos positivos de cada alumno/a.<br><br>Dar exemplo coa propia conduta que será afectuosa pero firme.<br><br>Favorecer as oportunidades de relación mediante a rotación de grupos | Facer lemas. |

| PRIMEIRO E SEGUNDO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA | | | |
|---|---|---|---|
| OBXECTIVOS | AVALIACIÓN | ESTRATEXIAS DO PROFESORADO | ACTIVIDADES |
| Habilidades básicas de contacto, inicio:<br>Saudar, contacto visual e actitude de atender. Presentarse<br>Pedir permiso para..<br>Solicitar as cousas por favor. Dicir grazas. Dirixirse aos adultos sen esixencias e con respecto.<br><br>Habilidades básicas de interacción e tolerancia:<br>Saber compartir. Aprender a dialogar respectando a quenda de palabra. Respectar as diferenzas fisiolóxicas | Observación directa<br><br>Asemblea | Organizar e orientar os traballos en grupo.<br><br>Aproveitar os momentos puntuais para recordar os obxectivos perseguidos.<br><br>Encouzar as diferenzas.<br><br>Resaltar os aspectos positivos de cada alumno/a.<br><br>Dar exemplo coa propia conduta que será afectuosa pero firme.<br><br>Favorecer as oportunidades de relación mediante a rotación de grupos. | Falar con alguén de costas e reflexionar sobre o sentimento que ocasiona.<br>Usar xogos e contos.<br><br>Facer lemas. |
| | | | |

| TERCEIRO E CUARTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA | | | |
|---|---|---|---|
| OBXECTIVOS | AVALIACIÓN | ESTRATEXIAS DO PROFESORADO | ACTIVIDADES |
| Habilidades básicas de | Observación directa | As citadas para o | Debates. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| contacto, inicio:<br>As citadas para o primeiro ciclo.<br><br>Habilidades básicas de interacción e tolerancia:<br>As citadas para o primeiro ciclo.Ademais, Axudarse entre os compañeiros/as e prestarse cousas.Resolución de conflitos mediante o diálogo. Moderar o ton de voz e a actitude.<br>Asertividade: Preguntar dúbidas. Ser sinceros. Aprender a dicir NON. | Asemblea.<br><br>Indicacións individuais a cada alumno/a. | primeiro ciclo.<br><br>Dar resposta ás necesidades dos alumnos/as e atendelos/as no momento e xeito apropiados ou indicarlles cando sería posible.<br><br>Facer cumprir as normas.<br><br>Reflectir en positivo os comentarios individuais de cada alumno/a. | Cadea de favores.<br><br>Facer un abeto coas dualidades positivas. |

| QUINTO E SEXTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA | | | |
|---|---|---|---|
| OBXECTIVOS | AVALIACIÓN | ESTRATEXIAS DO PROFESORADO | ACTIVIDADES |
| Habilidades básicas de contacto,inicio:<br>As citadas para o segundo ciclo.<br><br>Habilidades básicas de interacción e tolerancia:<br>As citadas para o segundo ciclo. Ademais , axudar, prestar, valorar, ser solidario/a. Respectar as regras dos xogos.<br><br>Asertividade.<br>Opinar sen descualificacións nin ofensas. Expoñer argumentos para convencer. Aprender a traballar en equipo. Valorar as consecuencias das accións propias.<br>Respecto aos demais e a un/unha mesmo/a. | Observación directa<br><br>Asemblea.<br><br>Indicacións individuais a cada alumno/a. | As citadas para o segundo ciclo. | As citadas no segundo ciclo.<br><br>Aprender a mirar e a dicir o positivo.<br><br>Facer composicións escritas sobre os temas conflitivos.<br><br>Visionar algunha película sobre estes temas. |

### *Outras actividades mensuais:*

- Setembro/outubro:

Plan de acollida do alumnado e das familias.

- Novembro/decembro:

*Dereitos do neno e dereitos humanos.*

Día dos Dereitos do Neno.

Día da Constitución.

*Solidariedade.*

- Xaneiro:

*Paz, convivencia e respecto.*

Día Escolar da Paz e a Non Violencia.

- Febreiro

Festa de Entroido.

- Marzo:

*Autoestima e coeducación.*

Día da Muller Traballadora

- Abril

*Fomento da lectura.*

Día do Libro.

Maio/xuño:

*Coidado e gozo do medio.*

Día do Medio.

- Realización de asembleas de clase nas que se traballen as habilidades para a convivencia a través do diálogo, tratando de inculcar no alumnado a resolución de conflitos de forma non violenta, respectando e facéndose respectar.
- Recollida de información dos conflitos que se dan na aula e no centro, así como dos membros da comunidade educativa implicados e intervir na súa resolución seguindo as canles establecidas no Plan de Convivencia do centro.
- Desenvolvemento de actividades para fomentar nos diversos sectores da comunidade educativa a coeducación e igualdade entre homes e mulleres.
- Realización de actividades e campañas que fomenten a concienciación sobre a necesidade de protexer o medio: recollida de papel usado, pilas, plásticos, roupa usada, cartuchos de impresora ou tóner, en colaboración cos centros de reciclaxe.
- Aplicación dunha proba de avaliación inicial nos cursos de Primaria ou naqueles outros nos que se incorpore novo profesorado para comprobar o nivel de competencias e detectar as dificultades de aprendizaxe.
- Desenvolvemento por parte dos equipos docentes e coordinado pola Xefatura de Estudos, das actuacións consideradas no plan de atención á diversidade.
- Elaboración anual dun plan de mellora global do centro derivado dos resultados obtidos nas probas de diagnóstico aplicadas ao 4º curso de Primaria, e desenvolvemento das medidas educativas que se inclúan neste, analizando os resultados obtidos nelas comparativamente cos resultados de avaliación do alumnado obtidos no centro.
- Fomento da titorización individual e da colaboración co alumnado máis desfavorecido por parte dos seus compañeiros e das súas familias, de acordo coas capacidades de cada un.
- Utilización sistemática de diferentes técnicas de traballo nas actividades propostas aos escolares, e orientación ao alumnado e ás familias en relación con hábitos de traballo persoal dos seus fillos recomendables: organización do tempo de estudo na casa, acondicionamento do lugar apropiado, necesidade do descanso e do tempo libre, etc.

- *Programa de actividades titoriais que desenvolverá o profesorado de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe.*

    - Favorecer a integración do alumnado no centro a través dun traballo coordinado cos equipos docentes que implique a toma de medidas de atención á diversidade en cada unha das etapas e ciclos educativos.
    - Realizar tarefas de prevención e diagnóstico para:
- Detección precoz das dificultades.
- Realización do diagnóstico descritivo e identificación das dificultades.
- Información a educadores e a pais.
- Planificación e execución inmediata dos programas de actuación.
    - Desenvolver programas específicos de estimulación e desenvolvemento de elementos competenciais lingüísticos e matemáticos nos niveis iniciais da etapa, elaborando material específico e proporcionando orientacións aos titores e ás familias.
    - Revisar o alumnado de primeiro curso de Educación Primaria durante o primeiro trimestre levando a cabo unha exploración nos aspectos seguintes:
- Rexistro fonético e fonolóxico de linguaxe espontánea e repetida.
- Exploración de órganos articulatorios.
- Respiración: tipo e conduta respiratoria.
- Sopro: Potencia/Control/Direccionalidade.
- Fonación.
- Coordinación fonorrespiratoria.
- Audición.
- Psicodinámica auditiva: Discriminación.
- Secuencias rítmicas.
- Memoria auditiva.
- Discriminación de oposicións fonéticas.
- Praxes imitativas e vexetativas.
- Expresión oral espontánea: Vocabulario.
- Estruturación gramatical.
    - Realizar tarefas de tratamento das necesidades detectadas e seguimento dos casos:
        - Toma de decisión respecto ao tipo de intervención máis recomendable, integrándoa no currículo.
        - Sesións individuais ou en pequenos grupos ou en grupo coloquial.
        - Planificación da intervención e desenvolvemento da mesma no marco da proposta curricular e/ou adaptación curricular.
        - Promover a participación do titor, outros profesores de apoio e os pais no tratamento.
        - Realizar o seguimento do alumnado ao que se atende, así como a evolución das súas dificultades por se fose necesaria unha nova avaliación ou calquera modificación na actuación educativa con el desenvolvida.
    - Asesorar e participar en cada un dos niveis de concreción curricular, co fin de priorizar, secuenciar e/ou matizar os obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación.
